



Concello de Vigo  
Expte. 3611/1101

**JOSÉ RIESGO BOLUDA, SECRETARIO XERAL DO PLENO DO CONCELLO DE VIGO,**

CERTIFICA: Que o Pleno do Concello, en sesión ordinaria do día 18 de novembro de 2022, adoptou o seguinte acordo:

**UNICO.-RESOLUCIÓN DE EMENDAS E APROBACIÓN INICIAL DO ORZAMENTO XERAL DO CONCELLO DE VIGO PARA O ANO 2023. EXPEDIENTE 76/142. (EXPTE. PLENO 3611/1101)**

ANTECEDENTES: Can data 24.10.2022, a Dirección Superior Contable e Orzamentación e o concelleiro delegado de Orzamentos e Facenda, formulan a seguinte proposta:

“Órgano: Ao Pleno da Corporación de aprobación, previa aprobación pola Xunta de Goberno Local e Ditame da Comisión Informativa de Orzamentos e Facenda

Asunto: Proxecto de Orzamentos Xerais do Concello de Vigo.

Ano: 2023.

Concellería Delegada: Orzamentos e Facenda

Antecedentes

O Proxecto de Orzamentos do ano 2023, comezou o proceso de formación coa elaboración das normas e criterios que se deberían ter en conta para a súa formación. Os marcos orzamentarios remitidos ao MINHAFP para o período 2023-2025, aprobados por Resolución da Alcaldía de 10/03/2022, asinados pola Intervención en data 14/03/2022, nº rexistro REGAGE22e00006803808 dos que se deu conta ao Pleno da Corporación na sesión ordinaria de 30 de marzo de 2022, marcan o contexto xeral no que se teñen que formar os estados orzamentarios para o ano 2023.

O segundo paso que fundamenta a formación do orzamento, é o cumprimento, aprobación e remisión das liñas fundamentais do Orzamento para o ano 2023, que foron aprobadas por Resolución da Alcaldía Presidencia de 05/09/2022, asinadas e enviadas ao Ministerio de Hacienda e Función Pública o 07/09/2022, nº de Rexistro REGAGE22e00038628045, das que se deu conta ao Pleno da Corporación na sesión ordinaria do 28 de setembro.

Resolución de inicio de formación do Proxecto de Orzamento, asinada pola Alcaldía Presidencia o 15/06/2022.

Directrices de formación do Proxecto Orzamentario, asinadas polo Concelleiro Delegado de Orzamentos e Facenda o 17/06/2022.

Polo tanto, o criterio xeral de formación está delimitado polo marco orzamentario e as liñas



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 05/12/2022 08:57	Páxina 1 de 57
76-142	CSV: A3A9BD-5852EF-2CCC4A-TP38SB-AWT3AM-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

fundamentais do orzamento, ambos documentos remitidos ao Ministerio de Facenda e Función Pública, a Autoridade Fiscal Independente, así como o contido do previsto no artigo 168 do TRLRFL, aprobado polo RDL 2/2004.

Os criterios que se estableceron nos documentos precitados, foron aplicados ao Proxecto do Orzamento, coa variación en relación co capítulo de investimentos, que a teor da normativa vixente en cada momento, fóronse axustando segundo se fai constar no informe económico de gastos e na memoria orzamentaria, basicamente, as diferencias teñen causa en: Convenios aprobados coa Excm. Deputación de Pontevedra. Así mesmo, a incorporación da Solicitud 2 do Ministerio de Transportes e Mobilidade e Axenda Urbana en relación co MRR.

Por último, a variación do capítulo 1 do estado de gastos, cunha a actualización retributiva prevista no Proxecto de Lei dos Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2023 do 2,5%. Ademais, esta subida poderase incrementar até nun punto adicional en función de variables vinculadas ao IPC e ao PIB nominal. En concreto, se a suma do IPC Harmonizado de 2022 e do IPC Harmonizado adiantado de setembro de 2023 supera o 6%, os salarios públicos subirán un 0,5% de maneira adicional. A segunda variable, contempla unha subida de 0,5 puntos adicionais se o PIB nominal iguala ou supera o estimado no cadro macroeconómico que acompaña aos Orzamentos Xerais do Estado.

#### *Obxectivos previstos para o ano 2023.*

A suspensión das regras fiscais non implica que se abandone o compromiso coa consolidación fiscal, Mantense o compromiso coa estabilidade orzamentaria.

Os obxectivos de déficit, están delimitados nunhas taxas de referencia orientativas establecidas polo Executivo para o período 2021-2024 que debuxan unha marcada tendencia descendente.

As taxas de referencia, que substitúen aos obxectivos de estabilidade, contemplan co déficit reducirase máis dun 60% dende o inicio da pandemia e situarse no 3,9% en 2023, coa seguinte distribución por subsectores da administración en termos porcentuais en relación co PIB:

Administración Central: -3,2%.

Administracións autonómicas: -0,3%.

Seguridade Social: -0,5%

Entidades Locais: 0,1%.

#### *Suspensión das regras fiscais para o ano 2023*

O 20 de outubro de 2020, o Pleno do Congreso dos Deputados aprobou por maioría absoluta o acordo do Consello de Ministros de 6 de outubro de 2020 polo que se solicita ao mesmo a apreciación de que España está a sufrir unha pandemia, o que supón unha situación de emerxencia extraordinaria, co fin de aplicar a previsión constitucional que permite nestes casos superar límites de déficit estrutural e de volume de débeda pública.

Posteriormente, o Pleno do Congreso dos Deputados determinou, o 13 de setembro de 2021, que persisten as condicións de excepcionalidade que xustifican manter suspendidas as regras fiscais para o ano 2022.

Finalmente, dita decisión foi ratificada polo Congreso dos Deputados o 22 de setembro de 2022, considerando que en España se manteñen as condicións de excepcionalidade que xustifican



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 05/12/2022 08:57	Páxina 2 de 57
76-142	CSV: A3A9BD-5852EF-2CCC4A-TP38SB-AWT3AM-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

manter suspendidas as regras fiscais en 2023.

Deste xeito, coa apreciación adoptada pola maioría absoluta do Congreso, mantéñense suspendidos durante o exercicio 2023, os obxectivos de estabilidade e débeda, así como a regra de gasto.

En consecuencia, para os anos 2020, 2021, 2022 e 2023, as Entidades Locais non teñen obriga de cumprir cos obxectivos de estabilidade, de débeda pública nin a regra do gasto, aínda que está fixada unha senda, que é orientativa aos efectos de capacidade/necesidade de financiamento en relación a un porcentaxe do PIB.

En relación coa suspensión dos obxectivo de estabilidade financeira, as EE.LL tiñan que limitar o endebedamento ao 3% do PIB no ano 2020, pecharon ao ano 2021 cun endebedamento do 1,8% do PIB. En particular, o Concello de Vigo non ten endebedamento financeiro, polo que este obxectivo non é avaliable dende o ano 2016.

#### *Proxecto orzamentario que se presenta*

O Proxecto de Orzamento que se presenta está a encadrarse no Marco Orzamentario de medio prazo e nas liñas fundamentais remitidas ao Ministerio de Facenda e Función Pública en cumprimento do previsto no artigo 6 e 15 da Orde HAP/2105/2012, de 1 de outubro, pola que se desenvolven as obrigas de subministro de información previstas na Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sostibilidade Financeira.

Coa desagregación que figura na Memoria e no informe económico do estado de gastos e ingresos, as políticas de prestación de servizos básicos, as de promoción social, as de emprego, educativas, culturais e deportivas, tiveron crecementos importantes.

#### *En relación ao estado de ingresos*

O Proxecto está artellado nun contexto económico de escasa variación nos recursos propios, que non foron actualizados, sendo a súa evolución de carácter tendencial.

En relación coa cesión de ingresos polos impostos de IRPF, IVE, II.EE e FCF, segundo a notificación realizada polo Ministerio de Facenda, a evolución é a seguinte:

A cesión por IRPF, supón unha variación á alza do 9,2% en relación coas entregas a conta do ano 2022.

Na cesión do IVE, a variación é negativa nun (1,11%).

A contía que figura de incremento no Fondo Complementario de Financiamento é dun 2,07% en relación coas entregas a conta do ano 2022.

Os II.EE, teñen un axuste á baixa do (4,23%).

En canto ao Fondo de Cooperación Local, mantense a contía do ano anterior.

#### *Achegas non condicionadas da Administración Central e Autonómica*

	Concepto	Admt. CENTRAL	XUNTA
10000	Cesión IRPF	7.991.330,00	
21000	Cesión IVE	6.132.570,00	
220	Cesión II.EE	1.732.300,00	
42000	F.C.Financiamento	82.168.850,00	



42011	Liqu. Definitiva 2021	2.736.659,61	
42090	Subvención ao TUC	1.713.334,09	
42091	30% bono TUC	577.400,00	
45000	F.Coop. Local		6.479.801,46
45030	Subv. Escolas infantís		383.785,00
<b>Total</b>		<b>103.052.443,70</b>	<b>6.863.586,46</b>

E termos consolidados, se se ten en conta a totalidade dos recursos correntes non financeiros, a variación entre o ano 2022 e o previsto para o ano 2023, é do 4,56%, xustificado nos informes técnicos que se incorporan ao expediente.

A transferencia da Administración Central ao Transporte Público colectivo urbano está a reflectir o ingreso do ano 2021 cunha variación do 2%.

Na análise das variacións que se reflecten, están referenciadas aos estados consolidados.

As achegas da Lei de dependencia e drogodependencia, son axudas que son consideradas finalistas.

*Achegas condicionadas que financian gasto corrente.*

Aplicación	Proxecto	Emprego	FEDER	XUNTA	DEPUTACIÓN
2210 22706	212210	DIISI Obxectivo OTO L A10 20%	112 000 00		
1530 22602	181530	DIISI comunicación todos os	85 528 00		
1532 21000	221532	Plan de mellora de firmas			2 150 000
2210 22700		Lei dependencia Plan concertado X		7 226 50	
2112 22700		CEDRO Xunta de Galicia		511 030	
1510 22706		Redacción do Plan Xeral		152 510	
1510 22700		Oficina de rehabilitación XMI I		180 100	
<b>Total</b>			<b>107 528 00</b>	<b>8 100 17</b>	<b>2 150 000</b>

*Achegas finalistas que financian o plan de investimentos*

Aplicación	Proxecto	Emprego	FEDER	DEPUTACIÓN
1320 60000	221320	Zona de Baixas Emisións MRR	1 055 281 05	
1510 62200	221510	Investimento edificio Praza da Igrexa	715 162 58	
1532 61000	221532	Humanización Rotonda Barco e Darío		600 000 00
1532 61000	221532	Humanización S. Roque Gre-Fesino-		1 000 000 00
1530 61000	211530	Vigo Vertical 2ª actuación T de	651 086 05	600 000 00
1530 61000	211530	Vigo Vertical I R Jimenez I Benavente-		800 000 00
1530 61000	211530	Vigo Vertical I R Jimenez Av Camelia-		043 607 18
1530 60000	201530	Vigo Vertical Acceso C Saude TEIS	072 071 67	
1530 60000	201530	Vigo Vertical Vigo entre o 160-200	536 122 08	
1530 60000	221530	Vigo Vertical R Nieto-Fonte Oscura	1 310 638 21	
1530 60000	221530	Vigo Vertical C Losada-R Nieto- MRR	1 617 158 28	
1650 61000	221650	Mellora eficiencia enerxética edificios	045 527 87	



1721 60000	221721	Recup.dunar Samil fase 1 P.Punta.		3 130 000 00
0330 63200	110330	Investimento mellora E. E. Balaidos		280 761 05
			10 876 817 8	7 363 462 43

A variación no capítulo 1 do estado de ingresos consolidados é do (0,84%), asociada as entregas a conta do IRPF, os impostos: IBI, IBICES, IVTM e IAE, non hai aumentos, son axustes tendenciais e legais, que ten o seu fundamento no Real Decreto Lei 26/2021, de modificación da liquidación do IIVTNU.

As variación que se producen no capítulo 2 é do 2,44%, ten causa nunha maior Liquidación do ICIO aínda que este capítulo ten un impacto baixo en relación co Orzamento total.

O Capítulo III, ten unha variación do 2,18% nos estados consolidados, sendo a base de cálculo a información sobre la Liquidación do ano 2021 e as previsións de liquidación do ano 2022, información que tamén foi remitida ao MINHAFP e que ten a súa xustificación no informe económico de ingresos.

En canto a participación nos ingresos da Comunidade Autónoma, estase a prever as contías das entregas a conta como en anos anteriores. Os ingresos a conta rexistrados máis a achega de novembro e decembro e a liquidación, xustifica a previsión estimada para o ano 2023.

As axudas a Drogodependencia faise a mesma previsión co ingresado no ano 2022.

O Servizo de Axuda no Fogar ten unha previsión axustada ás horas de prestación, 611.000 horas concertadas máis as de libre concorrencia, cun cofinanciamento de 11,5 euros/hora, sendo o custe 16,69 euros horas, tendo a súa contrapartida no incremento na dotación orzamentaria da aplicación 2310.2279901.

No capítulo 4 do estado de ingresos, as previsións de ingresos que proveñen da Administración Xeral do Estado que figuran no orzamento para o ano 2023, teñen a súa base na comunicación feita polo MINHAFP. O FCF comunicado, é por unha contía de 82.168.870 euros.

Tamén se reflicte neste capítulo a liquidación positiva do ano 2021, que será ingresado no último trimestre do ano 2023.

A subvención ao transporte público colectivo, reflicte a contía do ano 2021 cunha actualización do 2%.

A participación nos Ingresos da Comunidade Autónoma faise a previsión de acordo as entregas feitas mas a liquidación. Os ingresos que se van a rexistrar no ano 2023 son por unha contía de 6.479.801,46 euros.

En relación coa subvención para o Servizo de Axuda no Fogar, a previsión que se reflicte está relacionada coas horas de prestación concedidas pola Xunta de Galicia, 611.000 horas, cun financiamento autonómico de 11,5 euros/hora máis as de libre concorrencia. A contía reflectida é por 7.226.500,00 .

Neste capítulo tamén se está a reflectir o convenio asinados coa Excm. Deputación de Pontevedra en relación coa mellora de firmes, así como as achegas para empregos finalistas.

Na cuantificación das previsións contidas no capítulo 7 do estado de Ingresos, -Subvencións de Capital-, a súa orixe é o cofinanciamento do FEDER, FRTR con cargo ao mecanismo de Recuperación e Resiliencia (MRR) e a DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA, cuxa desagregación por contías e empregos, relacionase no informe económico de gastos e no informe de financiamento afectado.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 05/12/2022 08:57	Páxina 5 de 57
76-142	CSV: A3A9BD-5852EF-2CCC4A-TP38SB-AWT3AM-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

En canto aos pasivos financeiros, este é o noveno ano que o proxecto de Orzamento que se somete a aprobación, non ten previsto o financiamento con apelación ao mercado de capitais, estando financiado tanto os empregos correntes non financeiros como os de capital non financeiro, con recursos propios e convenios con outras administracións ou axudas de convocatorias públicas doutros axentes públicos.

#### *En relación ao estado de gastos*

O Orzamento previsto para o capítulo 1 no orzamento do ano 2023, experimenta unha variación respecto da do ano 2022, cunha variación do 2,66% en termos consolidados, sendo a causa, a actualización retributiva prevista no Proxecto de Lei dos Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2023, que fixa a actualización do 2,5%. Ademais, esta subida poderase incrementar até nun punto adicional en función de variables vinculadas ao IPC e ao PIB nominal.

Incorpóranse a este capítulo, os acordos adoptados no transcurso do ano 2022, así como os adoptados na Mesa de negociación e as resolucións xudiciais que afectan a este capítulo.

No capítulo 2, a variación é do 10,88%, está xustificada no informe económico de gastos, as variacións máis importantes son:

Contrato de Servizo de Axuda no Fogar, que pasa a ser de 10.574.116,40 euros fronte aos 7.729.830,99 euros previsto para ano 2022, (incremento de 2.844.285,41 euros). A prestación elévase a 611.000 horas máis as de libre concorrencia.

A variación de prezos da enerxía, supuxo un incremento de 4.928.071 euros.

A previsión do novo contrato de limpeza de colexios, incrementa cunha dotación superior a 400.000 euros.

O contrato de limpeza das instalacións deportivas, incrementa en 238.000 euros.

O plan anual de renovación de firmes cofinanciado pola Deputación de Pontevedra nun 75%, aumenta no gasto deste capítulo, 1.350.000 euros.

Mantemento de xardíns, parques infantís e biosaudables, por modificado do contrato, aumenta en 757.000 euros.

Contrato de apertura e peche de instalacións deportivas, por modificado do contrato, aumenta en 251.000 euros.

Novo contrato de prestación de servizos nas piscinas municipais, cun incremento de 572.000 euros.

Sinalización horizontal do viario, cun incremento de 150.000 euros.

Contrato de semaforización, por modificados, incremento de 200.000 euros.

Tratamento integral de residuos, cun incremento, segundo o contrato, de 722.000 euros.

Centro de Servizos Sociais, novo contrato, cun incremento de 243.000 euros.

Seguros, póliza de Responsabilidade Civil, cun incremento de 200.000 euros.

Todos os novos contratos teñen un incremento superior ao 10%, xustificado pola variación dos custes de enerxía, carburantes, inflación, salarios.

Coa excepción do incremento no custe do subministro eléctrico e carburantes, os demais incrementos consolídanse, polo que, van a manter esa tendencia en futuros orzamentos.

En resume, o detalle das variacións teñen explicación no informe económico financeiro.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 05/12/2022 08:57	Páxina 6 de 57
76-142	CSV: A3A9BD-5852EF-2CCC4A-TP38SB-AWT3AM-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

Artellado o expediente que conforma o Proxecto de Orzamento Xeral para o ano 2023, que está integrado polo da propia Entidade, o Organismo Autónomo Administrativo XMU e como anexo os das Fundacións que forman parte do perímetro de consolidación, MARCO e C. Bureau, visto que o expediente está completo, axustándose a súa formación ao regulamentado nos artigos 165 a 167 do texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, comprobado que a súa elaboración axustouse ás directrices dadas, verificado que as dotacións que nel figuran cobren todos os contratos e prestacións necesarias para o bo funcionamento dos servizos e quedando reflectidos a totalidade dos compromisos, en uso das competencias que me foron delegadas pola Resolución da Alcaldía de 18 e 26/06/2019, propónse ao Pleno da Corporación, previo acordo da Xunta de Goberno Local e Ditame da Comisión Informativa de Orzamentos e Facenda, a adopción do seguinte ACORDO....

PRIMEIRO.- Aprobar inicialmente o Orzamento Xeral do Concello de Vigo para o ano 2023, integrado por:

- Orzamento da Entidade Local.
- Orzamento do Organismo Autónomo Administrativo Xerencia Municipal de Urbanismo.
- Anexo dos Orzamentos das Fundacións: MARCO e CONVENTION BUREAU.

A clasificación e ordenación dos recursos e empregos e a seguinte:

Clasificación por Áreas de Gastos.

Clasificación por Áreas de Gastos e Capítulos.

Clasificación por programas de gastos con resume por capítulos.

Clasificación por capítulos de Gastos e Ingresos.

Clasificación económica de ingresos.

Comparativo de gastos e ingresos por capítulos.

Todos os estados orzamentarios están referidos á Entidade e aos estados consolidados.

Achégase a información completa referida igualmente ao Organismo Autónomo Administrativo Xerencia Municipal de Urbanismo.

#### CLASIFICACIÓN ECONÓMICA DE GASTOS E INGRESOS 2023 E COMPARATIVA CO ANO 2022, ENTIDADE

CAPÍTULO	Gastos Entidade			Ingresos Entidade		
	Importe 2022	Importe 2023	Variación %	Importe 2022	Importe 2023	Variación %
1	72.418.066,89	74.325.614,94	2,63%	113.120.306,00	112.173.330,00	-0,84%
2	135.607.453,43	150.494.505,42	10,98%	10.362.766,18	10.615.870,00	2,44%
3	30.530,00	55.530,00	81,89%	39.928.577,00	40.833.990,47	2,27%
4	33.120.378,69	34.498.118,09	4,16%	93.297.348,57	104.360.232,81	11,86%
5	600.000,00	600.000,00	0,00%	2.784.059,76	2.935.252,62	5,43%
Operc. Corr.N.F	241.776.429,01	259.973.768,45	7,53%	259.493.057,51	270.918.675,90	4,40%
6	39.743.352,32	27.860.839,12	-29,90%	,00	,00	0,00%
7	771.444,00	669.444,00	-13,22%	22.798.167,82	17.585.375,67	-22,86%
Operacións N.F	282.291.225,33	288.504.051,57	2,20%	282.291.225,33	288.504.051,57	2,20%
8	500.000,00	500.000,00	0,00%	500.000,00	500.000,00	0,00%
9	,00		0,00%	,00		0,00%
Total	282.791.225,33	289.004.051,57	2,20%	282.791.225,33	289.004.051,57	2,20%



**CLASIFICACIÓN ECONÓMICA GASTOS-INGRESOS, ESTADOS CONSOLIDADOS, COMPARATIVO 2022-2023**

CAPÍTULO	Gastos dos estados consolidados			Ingresos dos estados consolidados		
	Importe 2022	Importe 2023	Variación %	Importe 2022	Importe 2023	Variación %
1	78.109.584,92	80.189.866,30	2,66%	113.120.306,00	112.173.330,00	-0,48%
2	137.356.931,25	152.297.539,91	10,88%	10.362.766,18	10.615.870,00	2,44%
3	30.530,00	55.530,00	81,89%	41.593.957,85	42.499.371,32	2,18%
4	27.290.413,69	28.668.153,09	5,05%	93.459.998,57	105.002.172,81	12,35%
5	600.000,00	600.000,00	0,00%	2.785.059,76	2.936.252,62	5,43%
Operac. Corr.N.F	243.387.459,86	261.811.089,30	7,57%	261.322.088,36	273.226.996,75	4,56%
6	40.741.352,32	28.977.301,70	-28,47%	,00	,00	0,00%
7	841.444,00	739.444,00	-12,12%	23.648.167,82	18.300.838,25	-22,61%
Operacións. N.F	284.970.256,18	291.527.835,00	2,30%	284.970.256,18	291.527.835,00	2,30%
8	532.000,00	532.000,00	0,00%	532.000,00	532.000,00	0,00%
9	,00	,00	0,00%	,00	,00	0,00%
<b>Total</b>	<b>285.502.256,18</b>	<b>292.059.835,00</b>	<b>2,30%</b>	<b>285.502.256,18</b>	<b>292.059.835,00</b>	<b>2,30%</b>

**CLASIFICACIÓN FUNCIONAL DE GASTOS E COMPARATIVA 2022-2023, RESUME POR ÁREAS DE GASTO**

Área	Descripción	Entidade		% var.	Consolidado		% var.
		2022	2023		2022	2023	
0	Débeda Pública	5.000,00	5.000,00	0,00%	5.000,00	5.000,00	0,00%
1	Servizos Públicos básicos	149.786.072,33	151.987.373,86	1,47%	152.497.103,18	155.043.157,29	1,67%
2	Actuación de protección e promoción social	25.135.746,97	28.891.977,37	14,94%	25.135.746,97	28.891.977,37	14,94%
3	Producción B. públicos carácter preferente	45.409.143,20	49.589.568,42	9,21%	45.409.143,20	49.589.568,42	9,21%
4	Actuacións de carácter económico	19.613.378,62	19.142.636,80	-2,40%	19.613.378,62	19.142.636,80	-2,40%
9	Actuacións de carácter Xeral	42.841.884,21	39.387.495,12	-8,06%	42.841.884,21	39.387.495,12	-8,06%
<b>Total</b>		<b>282.791.225,33</b>	<b>289.004.051,57</b>	<b>2,20%</b>	<b>285.502.256,18</b>	<b>292.059.835,00</b>	<b>2,30%</b>

**RESUMO DO ORZAMENTO DE GASTOS E INGRESOS DA XMU E COMPARATIVO 2022- 2023**

CAPÍTULO	Estado de Gastos			Estado de Ingresos		
	Importe 2022	Importe 2023	Variación %	Importe 2022	Importe 2023	Variación %
1	5.691.518,03	5.864.251,36	3,04%			
2	1.749.477,82	1.803.034,49	3,06%			
3				1.665.380,85	1.665.380,85	0,00%
4	,00	,00	0,00%	5.992.615,00	6.471.905,00	8,00%
5				1.000,00	1.000,00	0,00%
<b>Op. Corr. NF</b>	<b>7.440.995,85</b>	<b>7.667.285,85</b>	<b>3,04%</b>	<b>7.658.995,85</b>	<b>8.138.285,85</b>	<b>6,26%</b>
6	998.000,00	1.116.462,58	11,87%	,00	,00	0,00%
7	70.000,00	70.000,00	0,00%	850.000,00	715.462,58	-15,83%
Op. Cap. NF	1.068.000,00	1.186.462,58	11,09%	850.000,00	715.462,58	-15,83%
<b>T. Op. N.F</b>	<b>8.508.995,85</b>	<b>8.853.748,43</b>	<b>12,49%</b>	<b>8.508.995,85</b>	<b>8.853.748,43</b>	<b>4,04%</b>
8	32.000,00	32.000,00	0,00%	32.000,00	32.000,00	0,00%
<b>Total</b>	<b>8.540.995,85</b>	<b>8.885.748,43</b>	<b>4,04%</b>	<b>8.540.995,85</b>	<b>8.885.748,43</b>	<b>4,04%</b>





## FUNDACIÓNS QUE FORMAN PARTE DO PERÍMETRO DE CONSOLIDACIÓN

### MUSEO DE ARTE CONTEMPORÁNEO (MARCO)

CONCEPTOS	Empregos			Recursos			
	Importe 2022	Importe 2023	Variación		Importe 2022	Importe 2023	Variación
G. Persoal	298.993,00	321.444,00	7,51%	Ingresos actividade	11.000,00	18.000,00	-37,92%
Cons. eléctrico	100.000,00	287.780,00	187,78%	Subv. doazóns	810.000,00	1.005.000,00	0,00%
Exposicións	110.007,00	175.000,00	59,08%	Achegas usuarios	10.500,00	10.500,00	0,00%
Compra de obra		180.748,00	100,00%	Cursos		20.000,00	100,00%
Outros g. Activ.	296.000,00	67.028,00	-77,36%	Patrocinio Caixa	10.000,00	10.000,00	0,00%
G.Financeiros	1.500,00	1.500,00	0,00%	Alugueiros			0,00%
Amortiza. Inmv.	35.000,00	30.000,00	14,29%				
	841.500,00	1.063.500,00	26,38%		841.500,00	1.063.500,00	26,38%

### CONVENTION BUREAU (CB)

CONCEPTOS	Empregos			Recursos			
	Importe 2022	Importe 2023	Variación		Importe 2022	Importe 2023	Variación
G. Persoal	181.383,13	185.765,00	2,42%				
Cons. e gast. xestión	25.401,87	35.000,00	37,79%	Subv. doazóns	218.000,00	212.000,00	-2,75%
Publ.mat. Promoc.	9.800,00	12.500,00	27,55%	Achegas socios	22.000,00	40.250,00	82,95%
Acc. promoción	269.900,00	263.470,00	-2,38%	Out. ingresos	250.000,00	250.000,00	0,00%
P. outros entes	3.515,00	5.515,00	56,90%				
Operac. N.F	490.000,00	502.250,00	2,50%	0	490.000,00	502.250,00	2,50%

SEGUNDO.- Aprobar as Bases de Execución que serán de aplicación á Entidade Local e Xerencia Municipal de Urbanismo, coa excepción da regulación propia que se aprobe para o Organismo Autónomo.

TERCEIRO.- Aprobar as Bases de Execución específicas da Xerencia Municipal de Urbanismo.

CUARTO.- Aprobar o cadro de persoal e plantilla da Entidade Local e da Xerencia Municipal de Urbanismo.

QUINTO.- Aprobar o Plan de Investimento-Financiamento 2023-2026, que quedará sometido aos axustes que cada ano se estableza, producíndose a revisión do mesmo en cada ano.

SEXTO.- Someter o expediente aos requisitos de publicidade e exposición pública que regula o artigo 169 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo.

SÉTIMO.- O expediente considerárase definitivamente aprobado se durante o citado prazo non se presentan reclamacións; o acordo de aprobación inicial elevarase a definitivo, entrando en vigor unha vez publicado na forma prevista no parágrafo 3 do artigo 169 do TRLRFL. En caso contrario, o Pleno disporá do prazo dun mes para resolvelas, contado a partir do día seguinte á finalización do de exposición ao público, e as reclamacións consideraranse rexeitadas en calquera caso se non



se resolven no acordo de aprobación definitiva (artigo 20 do RP).

En cumprimento do previsto no apartado seis do artigo 21 do RD 500/90, o Orzamento definitivo que se aprobe para o ano 2023, terá os seus efectos dende o un de xaneiro e os créditos nel incluídos terán a consideración de créditos iniciais.

Se o dereito positivo de aplicación é alterado por modificación das normas citadas, ou por desenvolvemento da normativa legal ou regulamentaria, polo Pleno da Corporación acordaranse os axustes orzamentarios ou de liquidación e contables que procedan mediante o axuste das magnitudes, créditos e conceptos que corresponda conforme ás normas de aplicación ou ao interese xeral.

O Pleno da Corporación pronunciarase, previo acordo da Xunta de Goberno Local e ditame da Comisión Informativa, sobre proposta da Concellería Delegada de Orzamentos e Facenda.

Con data 31 de outubro, o interventor xeral emite os seguintes informes de estabilidade orzamentaria e do límite da débeda, así como o de fiscalización que din o que segue:

“Con motivo da tramitación do expediente para a aprobación do proxecto de orzamento xeral do Concello de Vigo e o organismo autónomo Xerencia Municipal de Urbanismo correspondente ao exercicio 2023, o funcionario que subscribe, en cumprimento do disposto no artigo 16 do Real Decreto 1463/2007, de 2 de novembro, polo que se aproba o regulamento da lei de estabilidade orzamentaria na súa aplicación ás Entidades Locais, así como na Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sostibilidade Financeira, e no artigo 16.4 e) da Orde Ministerial HAP/2015/2012, de 1 de outubro, por la que se desenvolven as obrigas de subministración de información previstas na LOEOSF, en relación co cumprimento dos obxectivos de estabilidade orzamentaria, da regra de gasto e do límite de débeda, emite o seguinte

#### Informe:

##### Primeiro.- Normativa de aplicación.

Regulamento (CE) nº 2516/2000 do Parlamento Europeo e do Consello de 7 de novembro de 2000 que modifica os principios comúns do Sistema europeo de contas nacionais e rexionais da Comunidade (SEC 95) no que se refire aos impostos e as cotizacións sociais e polo que se modifica o Regulamento (CE) nº 2223/96 do Consello.

Regulamento (CE) nº 2223/96 do Consello, do 25 de xuño de 1996, relativo ao Sistema europeo de contas nacionais e rexionais da Comunidade.

Regulamento (CE) nº 479/2009 do Consello, do 25 de maio de 2009, relativo á aplicación do Protocolo sobre o procedemento aplicable en caso de déficit excesivo.

Directiva 2011/7/UE do Parlamento Europeo e do Consello de 16 de febreiro de 2011 pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais.

Regulamento nº 549/2013, do Parlamento Europeo e do Consello, do 21 de maio de 2013 (DOCE do 26-06-2013), relativo ao Sistema Europeo de Contas Nacionais e Rexionais da Unión Europea (SEC 2010).

Artigo 135 da Constitución Española.

Lei Orgánica 2/2012, do 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sostibilidade Financeira (LOEOSF), e Real Decreto 1463/2007, de 2 de novembro, polo que se aproba o regulamento de desenvolvemento da Lei de estabilidade orzamentaria na súa aplicación ás entidades locais (RDLEO).



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 05/12/2022 08:57	Páxina 10 de 57
76-142	CSV: A3A9BD-5852EF-2CCC4A-TP38SB-AWT3AM-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

Lei Orgánica 6/2015, do 12 de xuño, de modificación da Lei Orgánica 8/1980, do 22 de setembro, de financiamento das Comunidades Autónomas e da Lei Orgánica 2/2012, do 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sostibilidade Financeira.

Real decreto lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais (TRLRFL).

Real Decreto-lei 17/2014, do 26 de decembro, de medidas de Sostibilidade financeira das comunidades autónomas e entidades locais e outras de carácter económico.

Orde HAP/2105/2012, do 1 de outubro, pola que se desenvolven as obrigacións de subministración de información previstas na Lei Orgánica 2/2012, do 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sostibilidade Financeira, modificada pola Orde HAP/2082/2014, de 7 de novembro.

Manual de cálculo do Déficit en Contabilidade Nacional adaptado ás Corporacións Locais, publicado pola Intervención Xeral da Administración do Estado, Ministerio de Economía e Facenda.

Guía para a determinación da Regra de Gasto do artigo 12 da LOEOSF para corporacións locais, 3ª edición. IGAE.

Guía publicada pola Subdirección Xeral de Relacións Financeiras coas Entidades Locais, para o enchemento da Aplicación do Cálculo do Período Medio de Pago.

Manual do SEC 95 sobre o Déficit Público e a Débeda Pública, publicado por Eurostat.

### **Segundo.- Instrumentación do obxectivo de estabilidade orzamentaria.**

O artigo 165 do TRLRHL establece que o orzamento xeral das Entidades Locais atenderá ao cumprimento do principio de estabilidade nos termos previstos na Lei Xeral de Estabilidade Orzamentaria.

A estes efectos, entenderase cumprido o obxectivo de estabilidade cando os orzamentos iniciais ou, no seu caso, modificados, e as liquidacións orzamentarias alcancen, unha vez consolidados, e en termos de capacidade de financiamento, de acordo coa definición contida no Sistema Europeo de Contas Nacionais e Rexionais, o obxectivo de equilibrio ou superávit establecido para as entidades locais, sen prexuízo do disposto, no seu caso, nos plans económico-financeiros aprobados e en vigor (artigos 11.4 da LOEP e 15 RDLEO).

### **Terceiro.- Suspensión das regras fiscais en 2023.**

Como consecuencia das sucesivas crises habidas desde 2020, os obxectivos en materia de regras fiscais seguen en suspenso en 2023 tras a activación da cláusula de escape prevista no artigo 11.3 da Lei Orgánica de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira. Neste escenario de ausencia de obxectivos foron aprobadas, como orientación da política fiscal, taxas de referencia en materia de estabilidade, que no ámbito local son do 0% de PIB en 2022 e 0,1% en 2023.

En calquera caso cabe lembrar que a suspensión das regras fiscais non supón que desapareza a responsabilidade fiscal de cada unha das Administracións Públicas como tampouco o principio de prudencia á hora de executar os seus orzamentos. Igualmente esta suspensión das regras fiscais non significa a suspensión da aplicación da LOEOSF nin do resto da normativa hacendística.

### **Cuarto.- Ámbito de aplicación subxectivo.**

Consultado o inventario de entes do Sector Público Local elaborado polo Ministerio de Facenda, constan sectorizadas pola IGAE como AAPP as seguintes entidades:

<b>Entidade</b>	<b>Modalidade</b>
Concello de Vigo	Contabilidade orzamentaria
Xerencia Municipal de Urbanismo	Contabilidade orzamentaria
Fundación Marco	Contabilidade empresarial



**Quinto.- Tramitación.**

A avaliación do cumprimento do obxectivo de estabilidade corresponde á Intervención local (art. 16 RDLEO), que elevará ao Pleno un informe sobre o cumprimento do obxectivo de estabilidade da propia entidade local e dos seus organismos e entidades dependentes. Este informe emitirase con carácter independente e incorporárase aos previstos nos artigos 168.4, 177.2 e 191.3 do texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, referidos, respectivamente, á aprobación do orzamento xeral, ás súas modificacións e á súa liquidación.

**Sexto.- Verificación da estabilidade orzamentaria: Detalle dos cálculos efectuados e axustes practicados en termos de contabilidade nacional.**

Nos entes sometidos a orzamento (Concello de Vigo e XMU) o cálculo da capacidade/necesidade de financiamento obtense por diferenza entre os importes orzados nos capítulos 1 a 7 dos estados de ingresos e os capítulos 1 a 7 do estado de gastos, previa aplicación dos axustes relativos á valoración, imputación temporal, exclusión ou inclusión dos ingresos e gastos non financeiros.

Se a entidade ten contabilidade Empresarial (Fundación Marco e Vigo Convention Bureau) a estabilidade orzamentaria correspondera cos gastos e ingresos non financeiros (axustados ao SEC).

**1.- Cálculo da capacidade/necesidade de financiamento nos entes sometidos a orzamento.**

CAPÍTULO	INGRESOS	CONCELLO	XMU
1	Impostos Directos	112.173.330,00	0,00
2	Impostos Indirectos	10.615.870,00	0,00
3	Taxas e outros Ingresos	40.833.990,47	1.665.380,85
4	Transferencias Correntes	104.360.232,81	6.471.905,00
5	Ingresos Patrimoniais	2.935.252,62	1.000,00
<b>A</b>	<b>Total Ingresos Correntes</b>	<b>270.918.675,90</b>	<b>8.138.285,85</b>
6	Enaxenación Inversións Reais	0,00	0,00
7	Transferencias de Capital	17.585.375,67	715.462,58
<b>B</b>	<b>Total Ingresos por Operacións de Capital non Financeiras</b>	<b>17.585.375,67</b>	<b>715.462,58</b>
<b>I = A + B</b>	<b>Total Ingresos por Operacións non Financeiras</b>	<b>288.504.051,57</b>	<b>8.853.748,43</b>

CAPÍTULO	GASTOS	CONCELLO	XMU
1	Gastos de persoal	74.325.614,94	5.864.251,36
2	Gastos en bens ctes. e servizos	150.494.505,42	1.803.034,49
3	Gastos financeiros	55.530,00	0,00
4	Transferencias correntes	34.498.118,09	0,00
5	Fondo de continxencia	600.000,00	0,00
<b>C</b>	<b>Total Gastos Correntes</b>	<b>259.973.768,45</b>	<b>7.667.285,85</b>
6	Inversións Reais	27.860.839,12	1.116.462,58



7	Transferencias de Capital	669.444,00	70.000,00
<b>D</b>	<b>Total Gastos por Operacións de Capital non Financeiras</b>	<b>28.530.283,12</b>	<b>1.186.462,58</b>
<b>II = C + D</b>	<b>Total Gastos por Operacións non Financeiras</b>	<b>288.504.051,57</b>	<b>8.853.748,43</b>
<b>I - II</b>	<b>Resultado das Operacións non Financeiras</b>	<b>0,00</b>	<b>0,00</b>

### **Axustes entre o saldo orzamentario non financeiro e o déficit ou superávit de contabilidade nacional.**

Para a realización dos axustes consideramos o Manual da IGAE.

- **Rexistro en contabilidade nacional dos ingresos fiscais e asimilados (capítulos 1, 2 e 3 do orzamento de ingresos).**

En contabilidade nacional, o criterio para a imputación dos ingresos fiscais e asimilados é o de caixa, polo que os ingresos contabilizados nos Capítulos 1, 2 e 3 do orzamento de ingresos da Corporación Local rexístranse polo importe total realizado en caixa en cada exercicio, xa sexa de corrente ou de pechados.

Deste xeito se o importe de tales dereitos recoñecidos supera o valor dos cobros de exercicios corrente e pechados, efectuarase un axuste negativo que reducirá o saldo orzamentario, incrementando o déficit público da Corporación Local. Se, pola contra, a contía dos dereitos recoñecidos é inferior ao importe dos cobros do orzamento corrente e de orzamentos pechados, o axuste positivo, resultante da diferenza de valores, diminuírá o déficit en contabilidade nacional.

Como os importes consignados no proxecto de orzamento nos capítulos 1, 2 e 3 aproxímanse aos importes que se espera recadar efectivamente, tanto do exercicio corrente como dos exercicios pechados, non será necesario practicar ningún axuste na capacidade ou necesidade de financiamento por este motivo.

- **Tratamento das entregas a conta dos Impostos cedidos e do Fondo Complementario de Financiamento.**

En contabilidade nacional, as entregas a conta dos Impostos cedidos e do Fondo Complementario de Financiamento contabilízanse no exercicio en que se realizan, é dicir, cando se satisfán polo Estado a favor da Corporación Local, e as liquidacións definitivas deben imputarse ao exercicio en que se determina a súa contía e páganse polo Estado.

Por tanto, no caso de orzar pola previsión de dereitos recoñecidos netos no exercicio, debe realizarse un axuste positivo polo importe que debe reintegrarse ao Estado en concepto de devolución das liquidacións negativas correspondente aos exercicios anteriores polo concepto de Participación nos Tributos do Estado.

Tendo en conta que segundo as notificacións mensuais do Ministerio de Facenda das entregas a conta da Participación dos Municipios nos Tributos do Estado non se produce retención algunha en concepto de reintegro de liquidacións definitivas de exercicios anteriores, non procede a realización de ningún axuste.

### **Cálculo da capacidade/necesidade de financiamento:**

Segundo se aprecia no cadro seguinte, a diferenza entre os dereitos recoñecidos nos capítulos 1 a 7 dos estados de ingresos e as obrigas recoñecidas nos capítulos 1 a 7 do estado de gastos, previa aplicación dos axustes descritos, bota capacidade de financiamento no orzamento consolidado.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 05/12/2022 08:57	Páxina 13 de 57
76-142	CSV: A3A9BD-5852EF-2CCC4A-TP38SB-AWT3AM-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

CONCEPTOS	CONCELLO	XMU
<b>Total Ingresos capítulos I a VII orzamento corrente</b>	<b>288.504.051,57</b>	<b>8.853.748,43</b>
<b>Total Gastos capítulos I a VII orzamento corrente</b>	<b>288.504.051,57</b>	<b>8.853.748,43</b>
<b>a) SALDO ORZAMENTARIO NON FINANCEIRO</b>	<b>0,00</b>	<b>0,00</b>
<b>AXUSTES</b>		
Axuste por recadación ingresos Capitulo 1	0,00	0,00
Axuste por recadación ingresos Capitulo 2	0,00	0,00
Axuste por recadación ingresos Capitulo 3	0,00	0,00
Axuste por devolución no 2022 das liquidacións negativas da PTE 2008 e 2009	0,00	0,00
<b>b) TOTAL AXUSTES</b>	<b>0,00</b>	<b>0,00</b>
<b>c) TOTAL CAPACIDADE/NECESIDADE DE FINANCIAMENTO (a + b)</b>	<b>0,00</b>	<b>0,00</b>

**2.- Cálculo do déficit en contabilidade nacional das unidades empresariais que aplican o plan xeral de contabilidade privada ou algunha das súas adaptacións sectoriais.**

Concepto	Fundación Marco	Fundación Vigo Convention Bureau
<b>Ingresos non financeiros a efectos de Contabilidade Nacional</b>		
Importe neto de cifra negocios	0,00	252.250,00
Traballos previsto realizar pola empresa para o seu activo	0,00	0,00
Ingresos accesorios e outros ingresos da xestión corrente	58.500,00	0,00
Subvencións e transferencias correntes	1.005.000,00	250.000,00
Ingresos financeiros por intereses	0,00	0,00
Ingresos de participacións en instrumentos de patrimonio (dividendos)	0,00	0,00
Ingresos excepcionais	0,00	0,00
Achegas patrimoniais	0,00	0,00
Subvencións de capital previsto recibir	0,00	0,00
<b>Total ingresos non financeiros</b>	<b>1.063.500,00</b>	<b>502.250,00</b>
<b>Gastos non financeiros a efectos de Contabilidade Nacional</b>		
Aprovisionamentos	-175.000,00	0,00
Gastos de persoal	-321.444,00	-185.765,00
Outros gastos de explotación	-535.556,00	-316.485,00
Gastos financeiros e asimilados	-1.500,00	0,00
Imposto de sociedades	0,00	0,00
Outros impostos	0,00	0,00
Gastos excepcionais	0,00	0,00
Variacións do Inmovilizado material e intanxible; de inversións inmobiliarias; de existencias	-30.000,00	0,00
Variación de existencias de produtos terminados e en curso de fabricación da conta de PeG	0,00	0,00
Aplicación de Provisións	0,00	0,00
Inversións efectuadas por conta de Administracións e Entidades Públicas	0,00	0,00



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 05/12/2022 08:57

Páxina 14 de 57

76-142

CSV: A3A9BD-5852EF-2CCC4A-TP38SB-AWT3AM-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

Axudas, transferencias e subvencións concedidas	0,00	0,00
<b>Total gastos non financeiros</b>	<b>-1.063.500,00</b>	<b>-502.250,00</b>
<b>Capacidade / Necesidade de financiamento</b>	<b>0,00</b>	<b>0,00</b>

### 3.- Resultado Estabilidade Orzamentaria Grupo Administración Pública.

Entidade	Estabilidade Orzamentaria Grupo AAPP				Capac./Nec. Financ. Entidade
	Ingreso non financeiro	Gasto non financeiro	Axustes SEC		
			Axustes propia Entidade	Axustes por Operacións Internas	
Concello de Vigo	288.504.051,57	288.504.051,57	0,00	0,00	0,00
Xerencia Municipal de Urbanismo	8.853.748,43	8.853.748,43	0,00	0,00	0,00
F. Marco	1.063.500,00	1.063.500,00	0,00	0,00	0,00
Vigo Convention Bureau	502.250,00	502.250,00	0,00	0,00	0,00
<b>CAPACIDADE (+) OU NECESIDADE (-) DE FINANCIAMENTO</b>					<b>0,00</b>

#### Sétimo.- Sostibilidade financeira.

##### a) Cumprimento do límite de débeda.

O artigo 53 do Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais fixa o límite no 110% dos ingresos correntes liquidados no exercicio inmediatamente anterior, considerando para o seu cálculo o disposto na Disposición final trixésimo primeira da LOXE para 2013:

*“Para a determinación dos ingresos correntes a computar no cálculo do aforro neto e do nivel de endebedamento, deducirase o importe dos ingresos afectados a operacións de capital e calquera outros ingresos extraordinarios aplicados aos capítulos 1 a 5 que, pola súa afectación legal e/ou carácter non recorrente, non teñen a consideración de ingresos ordinarios.*

*A efectos do cálculo do capital vivo, consideraranse todas as operacións vixentes a 31 de decembro do ano anterior, incluído o risco deducido de avais, incrementado, no seu caso, nos saldos de operacións formalizadas non dispostos e no importe da operación proxectada. Nese importe non se incluírán os saldos que deban reintegrar as Entidades Locais derivados das liquidacións definitivas da participación en tributos do Estado.”*

Non obstante o límite de débeda determinarase nos termos do Protocolo de Déficit Excesivo do Estado español, e neste computaríanse só os avais executados.

Tendo en conta que nin o Concello de Vigo nin a XMU manteñen operacións de crédito con capitais pendentes de reembolso, nin risco algún deducido de avais, e que non proxectan concertar ao longo do exercicio 2023 operación de endebedamento algunha, o volume de débeda viva é de 0,00 euros e o coeficiente de endebedamento do 0%, polo que o nivel de débeda estaría por baixo do 110% dos ingresos correntes, límite previsto segundo o artigo 53 do Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, e por baixo do 75 % límite que establece a Disposición adicional 74ª da LOXE para 2014, polo que non resultaría preceptiva a autorización do órgano de tutela financeira para concertar novas operacións de préstamo durante 2023, de considerar esta opción.

##### b) Cumprimento dos prazos de pago previstos na normativa sobre morosidade.

A Lei Orgánica 2/2012, do 27 de abril, introduce o concepto de período medio de pago como expresión do tempo de pago ou atraso no pago da débeda comercial, de maneira que todas as Administracións Públicas, nun novo exercicio de transparencia, deberán facer público o seu período medio de pago que deberán calcular de acordo cunha metodoloxía común.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 05/12/2022 08:57	Páxina 15 de 57
76-142	CSV: A3A9BD-5852EF-2CCC4A-TP38SB-AWT3AM-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

O período medio de pago definido no Real Decreto 1040/2017, do 22 de decembro, polo que se modifica o Real Decreto 635/2014, do 25 de xullo, mide o atraso no pago da débeda comercial en termos económicos, como indicador distinto respecto do período legal de pago na Lei 3/2004, do 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais.

Consultados os datos sobre o PMP e morosidade publicados na web do Concello de Vigo (<https://hoxe.vigo.org/pdf/orzamentos/2022/pmp%20setembro.pdf>), tanto o PMP do Concello de Vigo como o PMP global atópanse por debaixo do prazo máximo de pago establecido en 30 días pola normativa sobre morosidade.

#### **Sétimo.- Verificación do cumprimento da Regra de Gasto.**

Tendo en conta que a aplicación da regra de gasto foi suspendida non procede verificar o seu cumprimento.

#### **Conclusións.**

- (1) Cos obxectivos aplicados desde a entrada en vigor da Lei Orgánica 2/2012, a Corporación Local CUMPRE co obxectivo estabilidade orzamentaria. Este cumprimento é meramente informativo ao suspenderse as regras fiscais para 2023.
- (2) A Corporación Local CUMPRE co límite de débeda establecido na Lei Reguladora das Facendas Locais.

#### **(3) A Corporación Local CUMPRE cos prazos de pago establecidos na normativa sobre morosidade.”**

Remitida a esta intervención o proxecto de Orzamento xeral do Excmo. Concello de Vigo e o do organismo autónomo Xerencia Municipal de Urbanismo para o ano 2023, con carácter previo á súa aprobación pola Xunta de Goberno Local, o funcionario que subscribe, en cumprimento do disposto nos artigos 168.4 e 214 do texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado por Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, 18.4 do Real Decreto 500/1990, do 20 de abril, polo que se desenvolve o Capítulo I do Título VI da Lei Reguladora das Facendas Locais, e 4.1 b) 2º do Real Decreto 128/2018, de 16 de marzo, polo que se regula o Réxime Xurídico dos Funcionarios da Administración Local con Habilitación de Carácter Nacional, ten a ben emitir o seguinte

#### **Informe:**

##### **Primeiro.- Normativa de aplicación**

- Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais aprobado por Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo (en diante TRLRFL), e Real Decreto 500/1990, do 20 de abril, polo que se desenvolve o Capítulo I do Título VI da Lei Reguladora das Facendas Locais (RO).
- Real Decreto 424/2017, do 28 de abril, polo que se regula o réxime xurídico do control interno nas entidades do Sector Público Local (RDCI).
- Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local (LRBRL), modificada pola Lei 27/2013, de 27 de decembro de Racionalización e Sustentabilidade da Administración Local.
- Lei Orgánica 2/2012, do 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira (LOEOSF), e Real Decreto 1463/2007, do 2 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Desenvolvemento da Lei 18/2001, do 12 de decembro, de Estabilidade



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 05/12/2022 08:57	Páxina 16 de 57
76-142	CSV: A3A9BD-5852EF-2CCC4A-TP38SB-AWT3AM-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		



Orzamentaria, na súa Aplicación ás Entidades Locais.

- Real Decreto 861/1986, de 25 de abril, polo que se establece o réxime das retribucións dos funcionarios de Administración Local.
- Real Decreto 128/2018, de 16 de marzo, polo que se regula o Réxime Xurídico dos Funcionarios da Administración Local con Habilitación de Carácter Nacional (artigo 4.1 b) 2º).
- Orde EHA/1781/2013, do 20 de setembro, pola que se aproba a Instrución do Modelo Normal de Contabilidade Local.
- Orde EHA/3565/2008, do 3 de decembro, pola que se aproba a Estrutura dos Orzamentos das Entidades Locais.

## Segundo.- Definición e contido

O orzamento xeral da entidade local constitúe a expresión cifrada, conxunta e sistemática das obrigas que, como máximo, poden recoñecer a entidade, e os seus organismos autónomos, e dos dereitos que prevexan liquidar durante o correspondente exercicio, así como das previsións de ingresos e gastos das sociedades mercantís cuxo capital social pertenza integramente á entidade local correspondente.

Tendo en conta que non consta a existencia de sociedades mercantís cuxo capital social pertenza na súa integridade á entidade local, no proxecto de orzamento xeral do Concello de Vigo para o ano 2023 que se presenta nesta Intervención para o seu preceptivo informe, intégranse unicamente os orzamentos da propia entidade e do organismo autónomo Xerencia Municipal de Urbanismo (en diante, XMU).

Con todo, e aínda que non se integran no orzamento xeral, tamén se inclúe información sobre os orzamentos e estados financeiros daquelas unidades que foron clasificadas como Administracións Públicas no inventario de entes elaborado pola *Secretaría General de Financiación Autonómica y Local* do MHFP, e que, polo tanto, tamén forman parte do sector público local en termos de contabilidade nacional: a Fundación Marco e a Fundación Vigo Convention Bureau.

En cumprimento do disposto no artigo 165 do TRLRFL, cada un dos orzamentos que se integran no orzamento xeral contén:

- Os estados de gastos, nos que se inclúen, coa debida especificación, os créditos necesarios para atender ao cumprimento das obrigas.
- Os estados de ingresos, nos que figuran as estimacións dos distintos recursos económicos a liquidar durante o exercicio.
- As bases de execución dos orzamentos, comúns para o Concello e a XMU, así como as específicas da XMU.

## Terceiro.- Anexos e documentación complementaria

Ao proxecto de orzamento xeral do Concello de Vigo acompañanse os seguintes anexos e documentación complementaria, de conformidade co disposto nos arts. 166.1 e 168 do TRLRFL:

- Memoria explicativa do seu contido e das principais modificacións que presenta en relación co vixente.
- Resumo da liquidación do orzamento do exercicio 2021.
- Avance da liquidación do orzamento do exercicio 2022, referida, polo menos, a seis meses do exercicio, e estimación da liquidación do antedito orzamento referida a 31 de decembro.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 05/12/2022 08:57	Páxina 17 de 57
76-142	CSV: A3A9BD-5852EF-2CCC4A-TP38SB-AWT3AM-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

- Informe técnico asinado polo persoal da Área de Recursos Humanos e Formación ao capítulo I do estado de gastos do proxecto de orzamento.
- Cadro de persoal orzamentario da Entidade local no que se relacionan a totalidade dos postos de traballo existentes na mesma (1.394), tanto os reservados ao persoal funcionario (1.043), como ao persoal laboral (331) e eventuais (20). Tamén se atopan no expediente outros documentos incorporados do expediente 40203-220: Informes técnicos de cuantificación do capítulo 1 e documento en formato excel no que se valoran todos os postos de traballo da Corporación.
- Certificación da sesión da mesa xeral de negociación de 7/10/2022 na que se abordou o capítulo I de gastos do proxecto de orzamentos.
- Relación dos investimentos a realizar no exercicio.
- Anexo de beneficios fiscais en tributos locais contendo información detallada dos beneficios fiscais e a súa incidencia nos ingresos.
- Informe relativo aos convenios subscritos coa Xunta de Galicia en materia de gasto social, asinado con data 22 de xuño de 2022 polo xefe de área de Política Social:
  1. Convenio de colaboración co Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar para o desenvolvemento do programa "Xantar na Casa" para o período 2021-2025.
  2. Convenio entre a Comunidade Autónoma e a FEGAMP, ao que se adhire o Concello de Vigo, para o cofinanciamento do CEDRO.
- Un informe económico-financieiro de ingresos elaborado pola Dirección de Ingresos e un informe económico-financieiro de gastos elaborado polo responsable de contabilidade de orzamentos, nos que se expoñen as premisas utilizadas para a avaliación dos ingresos, a suficiencia dos créditos para atender o cumprimento das obrigas esixibles e os gastos de funcionamento dos servizos e, en consecuencia, a efectiva nivelación do orzamento.
- Os plans e programas de investimento e financiamento para un prazo de catro anos. O plan de investimentos complétase co programa financeiro, que contén:
  - a) O investimento previsto a realizar en cada un do catro exercicios.
  - b) Os ingresos de capital que se prevexan obter nos devanditos exercicios, así como unha proxección do resto dos ingresos previstos no citado período.
  - c) Ás operacións de crédito que resultan necesarias para completar o financiamento, con indicación dous custos que vaian xerar, non estando prevista a concertación de operacións de endebedamento no citado período.
- ✓ O estado de consolidación do orzamento da propia entidade co do orzamento da XMU. Este documento supón que *"los presupuestos de los distintos entes con personalidad jurídica que realicen actividades municipales se unifican, eliminándose las posibles duplicidades, en cuanto a gastos e ingresos recíprocos, que puedan darse entre sí. Esto permite aportar la visión real de toda la actividad económico-financiera del ente, independientemente de las formas de gestión de los servicios que hayan sido elegidas"* [Alarcón García, 1996, p.100].
- ✓ O estado de previsión de movementos e situación da débeda comprensiva do detalle de operacións de crédito ou de endebedamento pendentes de reembolso ao principio do exercicio, das novas operacións previstas a realizar ao longo do exercicio e do volume de endebedamento ao peche do exercicio económico, con distinción de operacións a curto prazo, operacións a longo prazo, de recorrencia ao mercado de capitais e realizadas en divisas ou similares, así como das amortizacións que se prevén realizar durante o mesmo exercicio.

As consideracións que son obxecto de avaliación no presente documento corresponden ao



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 05/12/2022 08:57	Páxina 18 de 57
76-142	CSV: A3A9BD-5852EF-2CCC4A-TP38SB-AWT3AM-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

proxecto de orzamento xeral sometido a informe. No caso de que o proxecto analizado sufra algunha modificación durante a súa tramitación, como consecuencia da aprobación dalgunha ou todas as emendas presentadas ao seu contido, o proxecto modificado poderá requirir a emisión dun novo informe complementario ao presente.

#### **Cuarto.- Estrutura orzamentaria**

O proxecto de orzamentos do Concello e o da XMU estrutúrase de acordo coas clasificacións establecidas na Orde EHA/3565/2008, do 3 de decembro, pola que se aproba a estrutura dos orzamentos das entidades locais, modificada pola Orde HAP/419/2014, de 14 de marzo, ditada en cumprimento do disposto no artigo 167 do TRLRFL.

Deste xeito, os créditos incluídos no estados de gastos do orzamento clasifícanse segundo os seguintes criterios:

- a) Pola finalidade dos créditos e obxectivos que con eles se pretende: Áreas de Gasto, Políticas de Gasto, Grupos de Programas e Programas.
- b) Pola natureza económica: capítulos, artigos, conceptos, subconceptos e partidas.

A aplicación orzamentaria, cuxa expresión cifrada constitúe o crédito orzamentario, ven definida pola conxunción da clasificación por programas e a partida económica, e constitúe a unidade elemental da información sobre a que se efectuará o control contable dos créditos e as súas modificacións.

A clasificación por programas estrutúrase con catro díxitos, representando o primeiro a Área de gasto, o segundo as Políticas de gastos, o terceiro o Grupo de programas e o cuarto o Programa.

A clasificación económica estrutúrase con sete díxitos, o primeiro define o capítulo, o segundo o artigo, o terceiro o concepto, o cuarto e quinto o subconcepto e o sexto e sétimo a partida.

A clasificación dos ingresos realízase conforme a súa natureza económica con tres niveis: Capítulo, artigo e concepto, ampliable ata o nivel de subconcepto, sendo este último o desenvolvemento que se fai na estrutura do estado de ingresos.

#### **Quinto.- Prazo de presentación**

Tendo en conta a data na que foi recibido nesta Intervención, o expediente para a aprobación do orzamento xeral do Concello de Vigo correspondente ao exercicio 2023 tramítase fora dos prazos establecidos no TRLRFL e no RO<sup>1</sup>, xa que o expediente completo debería terse recibido na Intervención non máis tarde do 30 de setembro, e remitido ao Pleno antes do día 15 de outubro.

En calquera caso, hai que ter en conta que, de acordo cos apartados 2 e 3 do artigo 48 da LPAC<sup>2</sup>,

<sup>1</sup> O artigo 168.4 do TRLRFL dispón que a remisión ao Pleno do proxecto de orzamento xeral para a súa aprobación inicial, enmenda ou devolución deberá realizarse antes do 15 de outubro do ano anterior ao que vai ter os seus efectos.

No mesmo sentido, o artigo 18.4 do RD 500/1190 establece que: "*Sobre a base dos Orzamentos e estados de previsión a que se refiren os apartados anteriores, o Presidente da Entidade formará o Orzamento Xeral e remitirao, informado pola Intervención e cos anexos e documentación complementaria detallada no artigo 12 e no presente artigo, ao Pleno da Corporación antes do día 15 de outubro para a súa aprobación inicial, emenda ou devolución.*

*A remisión á Intervención efectuarase de forma que o Orzamento, con todos os seus anexos e documentación complementaria, poida ser obxecto de estudo durante un prazo non inferior a dez días e informado antes do 10 de outubro.*

<sup>2</sup> O artigo 48 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, LPAC, nos seus apartados 2 e 3, ao igual que establecía o artigo 63 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, dispón o seguinte: "2. *No obstante, el defecto de forma sólo determinará la anulabilidad cuando el acto carezca de los requisitos formales indispensables para alcanzar su fin o dé lugar a la indefensión de los interesados.* 3. *La realización de actuaciones administrativas fuera del tiempo establecido para ellas sólo implicará la anulabilidad del acto cuando así lo imponga la naturaleza del término o plazo.*"



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 05/12/2022 08:57	Páxina 19 de 57
76-142	CSV: A3A9BD-5852EF-2CCC4A-TP38SB-AWT3AM-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

a propia presunción de validez e o principio antiformalista co que debe conectarse neste punto, obrigan a non poñer a forma por encima doutros valores como a eficacia ou a garantía de dereitos. É dicir, a rigorosidade na tramitación e cumprimento dos prazos debe así flexibilizarse nos supostos nos que, de acordo con devanditos valores, perda o seu sentido, como é o caso que nos ocupa.

## Sexto.- Equilibrio e nivelación orzamentaria

A análise do equilibrio orzamentario pode realizarse dende diferentes ámbitos ou perspectivas, uns esixidos pola normativa vixente e outros necesarios para a realización da análise económica.

En consecuencia, podemos distinguir os seguintes:

### a) Equilibrio orzamentario do art. 165.4 do TRLRFL.

O equilibrio orzamentario é interpretado de forma xenérica como a procura de nivelación ou equivalencia entre a totalidade de ingresos e gastos incluídos no orzamento, de forma que os créditos inicialmente aprobados non poderán ser superiores ás previsións de ingresos.

No ámbito local, así aparece recollido nos artigos 165.4 do TRLRFL e 16 do RO ao dispoñer que cada un dos orzamentos que se integran no orzamento xeral deberá aprobarse sen déficit inicial, isto é, que os ingresos totais previstos deben ser iguais ou superiores aos gastos totais previstos.

Neste sentido, cada un dos orzamentos que integran o proxecto de orzamento xeral do Concello de Vigo aparece formalmente nivelado nos seus importes de ingresos e gastos, polo que ningún deles presenta déficit inicial, dando cumprimento deste xeito ao disposto nos artigos 165.4 da TRLRFL e 16 do RO, tal e como podemos comprobar no seguinte cadro-resumo:

Orzamento	Concello de Vigo	XMU	Consolidado
Estado de gastos	289.004.051,57	8.885.748,43	292.059.835,00
Estado de ingresos	289.004.051,57	8.885.748,43	292.059.835,00
Superávit (+) ou Déficit (-)	0,00	0,00	0,00

### b) Déficit ou superávit por operacións correntes.

O artigo 5 da Orde EHA/3565/2008, de 3 de decembro, pola que se aproba a estrutura dos orzamentos das entidades locais, dispón que a clasificación económica dos gastos agrupará os créditos por capítulos separando as operacións correntes (capítulos 1 a 5), as de capital non financeiras (capítulos 6 e 7) e as financeiras (capítulos 8 e 9) de acordo coa estrutura que se detalla no anexo III da mesma.

Pola súa beira, o artigo 9 da citada Orde establece que as previsións incluídas nos estados de ingresos do orzamento da entidade local clasificaranse separando as operacións correntes (capítulos 1 a 5), as de capital (capítulos 6 e 7) e as financeiras (capítulos 8 e 9), de acordo coa estrutura se detalla no anexo IV desta orde.

Seguindo esta clasificación, o proxecto de orzamento para o ano 2023 presenta o seguinte desglose:

	Concello	XMU	Consolidado
PREVISIÓNS INGRESO OPERACIÓNS CORRENTES	270.918.675,90	8.138.285,85	273.226.996,75
CRÉDITOS GASTO POR OPERACIÓNS CORRENTES	259.973.768,45	7.667.285,85	261.811.089,30



SALDO POR OPERACIÓNS CORRENTES	10.944.907,45	471.000,00	11.415.907,45
--------------------------------	---------------	------------	---------------

**c) Déficit ou superávit por operacións non financeiras: Saldo orzamentario non financeiro ou capacidade de financiamento (sen axustes SEC-10).**

Seguindo a clasificación prevista no apartado anterior, o saldo orzamentario por operacións non financeiras obtense por diferenza entre os importes orzados nos capítulos 1 a 7 dos estados de ingresos e os capítulos 1 a 7 do estado de gastos:

	Concello	XMU	Consolidado
PREVISIÓNS DE INGRESO POR OPERAC. NON FINANCEIRAS	288.504.051,57	8.853.748,43	291.527.835,00
CRÉDITOS DE GASTO POR OPERACIÓNS NON FINANCEIRAS	288.504.051,57	8.853.748,43	291.527.835,00
SALDO ORZAMENTARIO NON FINANCEIRO	0,00	0,00	0,00

**d) Análise dos fluxos orzamentarios: Aforro bruto e aforro neto.**

A doutrina acuñou os termos aforro bruto e aforro neto para referirse aos fluxos que foron tradicionalmente empregados na análise orzamentaria, confirmando a tradicional esixencia da procura do equilibrio entre os recursos ordinarios ou correntes (capítulos 1 a 5 do estado de ingresos) e as obrigas derivadas de operacións ordinarias, correntes e financeiras (capítulos 1 a 5 e 9 do estado de gastos).

O cálculo de fluxos orzamentarios permite comprobar a existencia de equilibrio nas operacións de carácter ordinario e, por conseguinte, detectar as posibles tensións financeiras da entidade local.

O aforro bruto calcúlase como a diferenza entre os ingresos e os gastos de natureza corrente, que se caracterizan polo seu carácter recorrente ou habitual. Loxicamente, a correcta interpretación desta magnitude esixe a depuración daqueles ingresos clasificados como correntes que non teñen carácter normal ou ordinario, e de aqueles que, pola súa natureza afectada, deban destinarse necesariamente a financiar gastos de inversión tales como as contribucións especiais, as cotas de urbanización ou os aproveitamentos urbanísticos.

O aforro bruto representa, polo tanto, o exceso de financiamento derivado das operacións correntes. Unha parte deste superávit debe ir destinado á devolución da débeda que vence no exercicio, recibindo a diferenza resultante a denominación de aforro neto. Se o aforro neto é positivo, destinarase a financiar os gastos orixinados polas operacións de inversión, xunto cos recursos procedentes de tales operacións. Se, polo contrario, o aforro neto é negativo, a entidade terá que recorrer á débeda ou ao alleamento de inversións para poder atender ao pago da carga financeira ou incluso ás obrigas correntes.

Non debemos confundir o aforro neto orzamentario a que nos estamos a referir co aforro neto legal definido no artigo 53 do TRLRFL, necesario para determinar a necesidade ou non de obter autorización previa do órgano de tutela financeira para a concertación de operacións de crédito a longo prazo.

Deste xeito, a análise dos fluxos orzamentarios permite verificar, en definitiva, que os recursos procedentes do endebedamento e os demais ingresos extraordinarios ou non correntes, unicamente se empregan para os fins previstos na lexislación vixente, evitando os riscos dunha posible descapitalización da entidade.

Análise de fluxos orzamentarios:

Orzamento	Concello de Vigo	XMU	Consolidado
-----------	------------------	-----	-------------



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 05/12/2022 08:57	Páxina 21 de 57
76-142	CSV: A3A9BD-5852EF-2CCC4A-TP38SB-AWT3AM-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

<b>+ Ingresos correntes (capítulos 1 a 5)</b>	<b>270.918.675,90</b>	<b>8.138.285,85</b>	<b>273.226.996,75</b>
<b>- Ingresos correntes extraordinarios ou afectados a operacións de capital</b>	<b>-6.826.059,61</b>	<b>0,00</b>	<b>-6.826.059,61</b>
Ingreso FEDER DUSI OT9, LA 19, programa form. E espec. Colect. Risc (subconcepto 49156)	-112.000,00		-112.000,00
Convenio Deputación Pontevedra Plan mellora firmes en parroquias (subc. 46102)	-2.150.000,00		-2.150.000,00
Contribucións especiais incendios (subconcepto 35100)	-1.250.000,00		-1.250.000,00
Estimación liquidación definitiva 2021 (subconcepto 42011)	-2.736.659,61		-2.736.659,61
Bono 30% transporte urbano 2022-2023 (subconcepto 42091)	-577.400,00		-577.400,00
<b>- Gastos correntes (capítulos 1 a 5)</b>	<b>259.973.768,45</b>	<b>7.667.285,85</b>	<b>261.811.089,30</b>
<b>Aforro bruto orzamentario</b>	<b>4.118.847,84</b>	<b>471.000,00</b>	<b>4.589.847,84</b>
- Gastos amortización débeda (cap. 9)	0,00	0,00	0,00
<b>Aforro neto orzamentario</b>	<b>4.118.847,84</b>	<b>471.000,00</b>	<b>4.589.847,84</b>

Do que resulta que, dende un punto de vista dos fluxos orzamentarios, os proxectos de orzamentos do Concello de Vigo e a XMU, tanto analizados individualmente como en termos consolidados, se presentan equilibrados e con nivelación orzamentaria, de modo que os ingresos correntes ordinarios resultan suficientes para financiar a totalidade dos gastos correntes e as amortizacións dos pasivos financeiros do exercicio, resultando un aforro neto orzamentario que permite o financiamento de novos gastos de capital por importe de **4.589.847,84** euros en termos consolidados.

En consecuencia, o aforro bruto orzamentario financia a formación de capital e a necesidade de financiamento.

#### Sétimo.- Avaliación da estabilidade orzamentaria

O artigo 165 do TRLRFL establece que o orzamento xeral das Entidades Locais atenderá ao cumprimento do principio de estabilidade nos termos previstos na Lei Xeral de Estabilidade Orzamentaria, e así, o artigo 11.4 LOEOSF establece que as Corporacións Locais deberán manter unha posición de equilibrio ou superávit orzamentario.

Para estes efectos, entenderase cumprido o obxectivo de estabilidade cando os orzamentos iniciais ou, no seu caso, modificados, e as liquidacións orzamentarias alcancen, unha vez consolidados, e en termos de capacidade de financiamento, de acordo coa definición contida no Sistema Europeo de Contas Nacionais e Rexionais, o obxectivo de equilibrio ou superávit establecido para as entidades locais, sen prexuízo do disposto, se é o caso, nos plans económico-financieros aprobados e en vigor (artigo 15 RDLEP).

A avaliación do cumprimento do obxectivo de estabilidade corresponde á Intervención local (art. 16 RDLEP), que elevará ao Pleno un informe sobre o cumprimento do obxectivo de estabilidade da propia entidade local e dos seus organismos e entidades dependentes. Este informe emitirase con carácter independente e incorporarse aos previstos nos artigos 168.4, 177.2 e 191.3 do texto refundido da Lei reguladora das Facendas Locais, referidos, respectivamente, á aprobación do orzamento xeral, ás súas modificacións e á súa liquidación.

#### Oitavo.- Bases de execución dos orzamentos

As bases de execución conterán a adaptación das disposicións xerais en materia orzamentaria á organización e circunstancias da propia entidade e dos seus organismos autónomos, así como aquelas outras necesarias para a súa acertada xestión, establecendo cantas prevencións se



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 05/12/2022 08:57	Páxina 22 de 57
76-142	CSV: A3A9BD-5852EF-2CCC4A-TP38SB-AWT3AM-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

consideren oportunas ou convenientes para a mellor realización dos gastos e recadación dos recursos, sen que poidan modificar o lexislado para a administración económica nin comprender preceptos de orde administrativa que requiran legalmente procedemento e solemnidades específicas distintas do previsto para o orzamento (arts. 165.1 da TRLRFL e 9 do RO).

**a) Contido mínimo.** As bases de execución incluídas no proxecto de orzamento xeral do ano 2023 inclúen a regulación necesaria das materias a que se refire o art.º 9.2 do RO:

Materia	Base reguladora
Niveis de vinculación xurídica dos créditos	4ª
Relación expresa e taxativa dos créditos que se declaren ampliables, con detalle dos recursos afectados	13.2ª
Regulación das transferencias de créditos, establecendo, en cada caso, o órgano competente para autorizalas	9ª
Tramitación dos expedientes de ampliación de créditos	13ª
Tramitación dos expedientes de xeración de créditos	10ª
Tramitación dos expedientes de incorporación de remanentes de créditos	11ª
Normas que regulen o procedemento de execución do orzamento	14ª e seguintes
Desconcentracións ou delegacións en materia de autorización e disposición de gastos, así como de recoñecemento e liquidación de obrigas	15ª e seguintes
Documentos e requisitos que, de acordo co tipo de gastos, xustifiquen o recoñecemento da obriga	19ª
Forma na que os perceptores de subvencións deban acreditar o atoparse ao corrente das súas obrigas fiscais e xustificar a aplicación de fondos recibidos	38ª
Supostos nos que poidan acumularse varias fases de execución do orzamento de gastos nun só acto administrativo	14ª
Normas que regulen a expedición de ordes de pago a xustificar e anticipos de caixa fixa	23ª e 24ª
Regulación dos compromisos de gastos plurianuais	26ª

**b) Os niveis de vinculación xurídica** establecidos na base 4ª.2 de execución dos orzamentos son os seguintes:

1. Capítulos I, III, VIII, e IX: Áreas de gasto e capítulo. Con todo, terán carácter vinculante co nivel de desagregación económica con que aparezan nos estados de gastos, os incentivos ao rendemento (produtividade e gratificacións), así como a aplicación de interinos sen praza.
2. Todas as aplicacións que reflectan subvencións nominativas vinculan consigo mesmas.
3. Capítulo II e IV, a vinculación será por programa e artigo.
4. As aplicacións que conforman os capítulos VI e VII financiados con recursos propios, o seu nivel de vinculación será o do programa e artigo. Para o caso de financiamento alleo a vinculación será consigo mesma.
5. A Aplicación do Fondo de Continxencia, 9290.5000000, non vincula con ningunha.

Se a aplicación xorde como consecuencia dunha xeración de crédito, dun crédito extraordinario ou con calquera tipo de financiamento afectado, o seu nivel de vinculación será consigo mesma, é dicir, aplicación (programa e partida), coa excepción no caso da xeración de crédito, que a mesma se faga sobre unha aplicación que xa tiña consignación, neste caso, a vinculación manterá o nivel previsto inicialmente.

Estes niveis de vinculación xurídica dos créditos considéranse acertados para unha adecuada xestión dos gastos, conforme á experiencia tida na xestión orzamentaria dos últimos exercicios.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 05/12/2022 08:57	Páxina 23 de 57
76-142	CSV: A3A9BD-5852EF-2CCC4A-TP38SB-AWT3AM-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

**c) Fondo de continxencia de execución orzamentaria.**

A lei Orgánica 2/2012, do 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sostibilidade Financeira, establece a obrigatoriedade de incluír nos orzamentos un fondo de continxencia para poder facer fronte a determinadas necesidades de gasto non previstas nas dotacións iniciais do orzamento<sup>3</sup>.

O Concello de Vigo, a través da base 5ª bis de execución dos orzamentos para 2023, regula de forma específica a dotación ao Fondo de Continxencia na aplicación 9290.5000000, cunha contía de **600.000 euros**, nos seguintes termos:

*"1.- (.../) o Fondo de Continxencia, dótase na aplicación 9290.5000000, cunha contía de 600.000 euros.*

*2.- O Fondo destinarase exclusivamente a atender necesidades de carácter non discrecional e non previstas no Orzamento inicialmente aprobado (.../).*

*3.- A aplicación orzamentaria do Fondo vincúlase consigo mesma. Con cargo ao Fondo, non poderá imputarse directamente gasto algún. Tan só será utilizable, sempre que non existan outros recursos orzamentarios-financeiros para facer fronte ás necesidades de carácter non discrecional e non previstas no Orzamento inicialmente aprobado.*

*4.- O Fondo poderá financiar modificacións orzamentarias cualificadas como Suplementos de Crédito ou Créditos Extraordinarios para atender aquel tipo de necesidades excepcionais. O expediente de modificación de créditos financiado co Fondo de Continxencia, será aprobado polo Pleno da Corporación con suxeición aos requisitos previstos no TRLRFL, e acreditarase tanto o carácter non discrecional do gasto como a imposibilidade da súa previsión no Orzamento inicial."*

En canto á finalidade e condicións de aplicación, a regulación contida na base 5ª bis estímase congruente coas esixencias establecidas no antedito precepto da LOEOSF.

No que atinxe a súa contía, a dotación orzamentaria establecida supón un 0,208% do importe total dos gastos non financeiros do Concello de Vigo –capítulos 1 a 7-, excluído o importe do propio Fondo, polo que, no caso de resultar preciso a súa utilización, as necesidades cubertas polo Fondo terán o seu límite cuantitativo na citada dotación orzamentaria.

**d) Dotación a saldos de dubidoso cobro.**

A base 54ª establece os coeficientes para a dotación dos dereitos pendentes de cobro que se consideran de difícil ou imposible recadación, dende o 80% ata o 100%, en función da antigüidade dos mesmos.

O artigo 193.bis do TRLRFL, incorporado pola Lei 27/2013, establece que os dereitos pendentes de cobro liquidados dentro dos orzamentos dos dous exercicios anteriores ao que corresponde a liquidación, se minorarán, como mínimo, nun 25 por cento. Os correspondentes ao exercicio terceiro anterior ao que corresponde a liquidación, se minorarán, como mínimo, nun 50 por cento, o cuarto e quinto, nun 75 por cento, e os superiores, nun 100 por cento.

Polo tanto, as porcentaxes de dotación previstas na base 54ª son superiores ás dotacións mínimas previstas no citado artigo 193 bis do TRLRFL, dándose cumprimento deste xeito ao disposto no citado precepto.

<sup>3</sup> O artigo 31 da LOEOSF establece que "O Estado, as Comunidades Autónomas e as Corporacións Locais incluídas no ámbito subxectivo dos artigos 111 e 135 do texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais incluírán nos seus orzamentos unha dotación diferenciada de créditos orzamentarios que se destinará, cando proceda, a atender necesidades de carácter non discrecional e non previstas no orzamento inicialmente aprobado, que poidan presentarse ao longo do exercicio. A contía e as condicións de aplicación da devandita dotación será determinada por cada Administración Pública no ámbito das súas respectivas competencias."



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 05/12/2022 08:57	Páxina 24 de 57
76-142	CSV: A3A9BD-5852EF-2CCC4A-TP38SB-AWT3AM-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		



**e) Outras consideracións.**

Tendo en conta que as Bases de Execución do Orzamento do Concello de Vigo e os seus organismos autónomos para o exercicio 2023 conteñen aspectos que teñen incidencia sobre a xestión de determinados gastos (persoal, subvencións, convenios, ...), resultaría recomendable que na fase de elaboración das mesmas tiveran participación as diferentes Áreas e/ou Servizos chamados a cumprilas xa que o seu obxectivo debe de ser mellorar a eficiencia na xestión.

**Noveno.- Estado de gastos**

A nivel consolidado, o Proxecto de Orzamento Xeral presenta uns créditos de 292.059.835,00 euros, o que supón un aumento do 2,30% respecto ao orzamento inicial do exercicio anterior, ou o que é o mesmo 6,56 millóns de euros máis que no ano 2022.

Se a análise comparativa a facemos respecto ao Orzamento Non Financeiro a variación entre ambos os dous exercicios é tamén positiva pola mesma contía.

**PROXECTO DE ORZAMENTO CONSOLIDADO DE GASTOS (CONCELLO DE VIGO E ORGANISMOS AUTÓNOMOS): DISTRIBUCIÓN POR CAPÍTULOS**

CAPÍTULOS	ORZAMENTO 2022	PROXECTO DE ORZAMENTO 2023	VARIACIÓN	VARIACIÓN %
1 GASTOS DE PERSOAL	78.109.584,92	<b>80.189.866,30</b>	2.080.281,38	2,66 %
2 GASTOS CORRENTES EN BENS E SERVIZOS	137.356.931,25	<b>152.297.539,91</b>	14.940.608,66	10,88 %
3 GASTOS FINANCEIROS	30.530,00	<b>55.530,00</b>	25.000,00	81,89 %
4 TRANSFERENCIAS CORRENTES	27.290.413,69	<b>28.668.153,09</b>	1.377.739,40	5,05 %
5 FONDO CONTINXENCIA E IMPREVISTOS	600.000,00	<b>600.000,00</b>	0,00	0,00 %
<b>GASTOS CORRENTES</b>	<b>243.387.459,86</b>	<b>261.811.089,30</b>	<b>18.423.629,44</b>	<b>7,57 %</b>
6 INVERSIÓNS REAIS	40.741.352,32	<b>28.977.301,70</b>	-11.764.050,62	-28,87 %
7 TRANSFERENCIAS DE CAPITAL	841.444,00	<b>739.444,00</b>	-102.000,00	-12,12 %
<b>OPERACIÓNS DE CAPITAL NON FINANCEIRAS</b>	<b>41.582.796,32</b>	<b>29.716.745,70</b>	<b>-11.866.050,62</b>	<b>-41,00 %</b>
<b>GASTOS NON FINANCEIROS</b>	<b>284.970.256,18</b>	<b>291.527.835,00</b>	<b>6.557.578,82</b>	<b>2,30 %</b>
8 ACTIVOS FINANCEIROS	532.000,00	<b>532.000,00</b>	0,00	0,00 %
9 PASIVOS FINANCEIROS	0,00	<b>0,00</b>	0,00	0,00 %
<b>OPERACIÓNS FINANCEIRAS</b>	<b>532.000,00</b>	<b>532.000,00</b>	<b>0,00</b>	<b>0,00 %</b>
<b>TOTAL GASTOS</b>	<b>285.502.256,18</b>	<b>292.059.835,00</b>	<b>6.557.578,82</b>	<b>2,30 %</b>

A distribución por aplicacións do Orzamento Xeral do Concello de Vigo e o da XMU, así como as variacións con respecto ao exercicio precedente, son obxecto de análise detallado tanto na memoria como nos informes económico-financeiros incorporados ao expediente.

**Capítulo I: Gastos de persoal.**

O Capítulo 1 "Gastos de Persoal" para 2023 ascende a 80.189 miles de euros, dos que, 74.325 miles de euros corresponden ao Concello de Vigo e 5.864 á XMU. O orzamento total consolidado



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 05/12/2022 08:57	Páxina 25 de 57
76-142	CSV: A3A9BD-5852EF-2CCC4A-TP38SB-AWT3AM-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

deste capítulo supón un incremento do 2,66% con respecto ao de 2022.

O importe total da valoración do anteproxecto do capítulo 1 feita pola Área de Recursos Humanos e Formación é coincidente co importe total consignado no capítulo 1º do estado de gastos, cuxas dotacións recollen remuneracións unicamente polos conceptos retributivos establecidos na normativa de función pública.

Compróbase que o anexo de persoal ou cadro de persoal orzamentario contén as prazas incluídas na Oferta de Emprego Público para a estabilización do emprego temporal aprobada pola Xunta de Goberno Local na sesión extraordinaria e urxente do 31 de maio de 2022, en cumprimento do disposto na Lei 20/2021, do 28 de decembro, de medidas urxentes para a redución da temporalidade nas Administracións Públicas, así como as prazas correspondentes aos postos de nova creación na RPT.

Tamén créanse 7 novas prazas e amortízanse 8 prazas vacantes, a petición dos diferentes servizos municipais.

Tendo en conta que a RPT, e non o cadro de persoal orzamentario, é o instrumento técnico a través do que se realiza a ordenación do persoal, de acordo coas necesidades dos servizos, e precísanse os requisitos para o desempeño de cada posto, así como as súas características retributivas, sendo competencia da Xunta de Goberno Local a súa aprobación ou modificación, previamente á creación e/ou amortización de prazas no cadro de persoal orzamentario deberían crearse ou suprimirse na RPT os postos de traballo que se consideren necesarios, dando cumprimento deste xeito ao disposto no artigo 38.3 da Lei 2/2015, de 29 de abril, do emprego público de Galicia<sup>4</sup>.

Isto e, é o orzamento o que debe de axustarse á RPT e non ao revés. A este respecto, en relación coa RPT, a sala do Contencioso do TS, na Sentenza de 20 de outubro de 2008 (recurso de casación nº 6078/2004), dixo *"que este instrumento, al tener carácter excluyente de otros para configurar dicho contenido, vincula a las Plantillas Orgánicas, que tienen un marcado carácter presupuestario. En definitiva, la aprobación de la Plantilla Orgánica no es sino la aprobación de una partida de los presupuestos, que podrá prever un número de funcionarios menor que el establecido en la Relación de Puestos de Trabajo (al existir por ejemplo vacantes que por motivos presupuestarios se decida no cubrir) pero que no puede contradecir en el contenido, naturaleza y número máximo de plazas, a las previsiones previstas en la Relación de Puestos de Trabajo"*.

### **Retribucións dos empregados públicos.**

Conforme ao indicado no informe asinado polos técnicos integrantes do grupo de traballo para a elaboración do anteproxecto do capítulo 1 dos orzamentos municipais 2023, os cálculos para a cuantificación dos créditos necesarios para facer fronte ás retribucións e seguridade social dos empregados públicos do Concello de Vigo realizáronse tendo en conta unha estimación de incremento do 4,09%, tanto en retribucións como en seguridade social.

Con todo, durante a fase de elaboración dos presentes orzamentos, o Ministerio de Facenda publicou o Proxecto de Orzamentos Xerais do Estado para 2023 que foi presentado ás Cortes Xerais o 6 de outubro de 2022<sup>5</sup>, e recentemente tamén foi publicado no BOE número 251 de 19/10/2022 o Real Decreto-lei 18/2022, de 18 de outubro, polo que se aproban medidas de reforzo da protección dos consumidores de enerxía e de contribución á redución do consumo de gas natural en aplicación do "Plan + seguridade para a túa enerxía (+SE)", así como medidas en materia de retribucións do persoal ao servizo do sector público e de protección das persoas traballadoras agrarias eventuais afectadas pola seca, que conteñen medidas con respecto ás retribucións do persoal ao servizo do Sector Público.

<sup>4</sup> Dispón o citado precepto que: *"Os orzamentos reflectirán os créditos correspondentes ás relacións de postos de traballo, sen que poida existir ningún posto que non estea dotado orzamentariamente."*

<sup>5</sup>O articulado da Lei pode consultarse no seguinte enderezo web:

[https://www.sepg.pap.hacienda.gob.es/Presup/PGE2023Proyecto/MaestroDocumentos/PGE-ROM/doc/1/1/N\\_23\\_A\\_R\\_1\\_1.PDF](https://www.sepg.pap.hacienda.gob.es/Presup/PGE2023Proyecto/MaestroDocumentos/PGE-ROM/doc/1/1/N_23_A_R_1_1.PDF)



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 05/12/2022 08:57	Páxina 26 de 57
76-142	CSV: A3A9BD-5852EF-2CCC4A-TP38SB-AWT3AM-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

Así, os artigos 19 Dous e 23 Un do Proxecto de Lei de Orzamentos Xerais do Estado para 2023, dispoñen que no ano 2023, as retribucións do persoal ao servizo do sector público non poderán experimentar un incremento global superior ao 2,5 por cento respecto a as vixentes ao 31 de decembro de 2022, en termos de homoxeneidade para os dous períodos da comparación, tanto polo que respecta a efectivos de persoal como á antigüidade do mesmo.

Así mesmo aplicaranse, no seu caso, os seguintes incrementos respecto das retribucións vixentes ao 31 de decembro de 2022 e con efectos, en ambos os casos, do 1 de xaneiro de 2023:

a) Se a suma do IPCA do ano 2022 e do IPCA adiantado do mes de setembro de 2023 fose superior ao 6 por cento, aplicarase un incremento retributivo adicional máximo do 0,5 por cento.

b) Se o incremento do PIB nominal no ano 2023 igualase ou superase o estimado polo Goberno no cadro macroeconómico que acompaña á Lei de Orzamentos, aplicarase un aumento retributivo complementario do 0,5 por cento.

Hai que ter en conta ademais que as retribucións vixentes a 31 de decembro de 2022 veranse incrementadas polo aumento, con efectos do 1 de xaneiro de 2022, do 1,5 por cento adicional ao 2 por cento xa autorizado na Lei de Orzamentos Xerais do estado para o ano 2022, aprobado polo artigo 23 un do Real Decreto-lei 18/2022, do 18 de outubro.

Polo que, en definitiva, resulta que aos efectos de determinación dos créditos necesarios para o pago das retribucións dos empregados públicos no ano 2023, o incremento con respecto ás vixentes na actualidade (mes de outubro de 2022, sen actualización do 1,5%) tería que ser, a xuízo desta Intervención, dun 4,0073% que resulta do cálculo seguinte:

$$((100 / 1,02) \times 1,035) \times 1,025 = 104,0073529$$

Sendo:

- ✓ 100: As retribucións actualmente vixentes.
- ✓ (100/1,02): As retribucións vixentes a 31/12/2021.
- ✓ ((100/1,02) x 1,035): As retribucións calculadas a 31/12/2022, unha vez incrementadas polo aumento do 1,5% adicional previsto no RD-Lei 18/2022.
- ✓ ((100 / 1,02) x 1,035) x 1,025: As retribucións para o ano 2023 co aumento do 2,5% previsto no proxecto de LOXE 2023.

Polo tanto, de conformidade co disposto nos artigos 2 e 3 do Real Decreto 861/1986, de 25 de abril, polo que se establece o réxime das retribucións dos funcionarios de Administración Local, antes da aprobación definitiva dos orzamentos polo Pleno da Corporación, as retribucións dos funcionarios do Concello de Vigo e os seus organismos autónomos consignadas nos anexos de persoal e, consecuentemente, os créditos consignados no capítulo 1 do proxecto de orzamentos, deberán axustar a súa contía e distribución, no que se refire ao soldo, trienios, pagas extraordinarias, complemento de destino e complemento específico, ao establecido no Proxecto de Lei de Orzamentos Xerais do Estado para 2023, tendo en conta así mesmo o aumento previsto no Real Decreto-lei 18/2022, de 18 de outubro.

Por outra parte, debería calcularse o importe que suporían os incrementos retributivos adicionais de ata o 1% previstos na LOXE 2023, aos efectos de garantir a existencia de crédito suficiente para facer fronte ao citado gasto, no suposto de cumprirse as condicións establecidas para a súa aplicación. Esta Intervención considera que as obrigas recoñecidas do capítulo 1 a 31.12.2022 ascenderán a uns 58,38 millóns de euros aproximadamente polo que, de ser o caso, o seu pago podería atenderse con cargo ao Fondo de Continxencia.

#### **Límites á contía global dos complementos específicos, de produtividade e gratificacións.**

Segundo o disposto no artigo 7 do Real Decreto 861/1986, de 25 de abril, polo que se establece o réxime das retribucións dos funcionarios de Administración Local, a cantidade que resulte de restar



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 05/12/2022 08:57	Páxina 27 de 57
76-142	CSV: A3A9BD-5852EF-2CCC4A-TP38SB-AWT3AM-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

á masa retributiva global presupostada para cada exercicio económico, excluída a referida ao persoal laboral, a suma das cantidades que ao persoal funcionario lle correspondan polos conceptos de retribucións básicas, axuda familiar e complemento de destino, destinarase:

1. Ata un máximo do 75 por 100 para complemento específico, en calquera das súas modalidades, incluíndo o de penosidade ou perigosidade para a Policía Municipal e Servizo de Extinción de Incendios.
2. Ata un máximo do 30 por 100 para complemento de produtividade.
3. Ata un máximo do 10 por 100 para gratificacións.

Examinadas as cifras presupostadas, obtéñense as seguintes porcentaxes:

<b>Concello de Vigo</b>	
+ Gastos de persoal (capítulo 1)	74.325.614,94
- Retribucións órganos de goberno (9120.1000000)	-959.906,84
- Retribucións persoal eventual (9120.1100000)	-679.063,28
- Retribucións persoal laboral fixo (concepto 130)	-9.609.223,58
- Retribucións persoal laboral temporal (concepto 131)	-1.200.000,00
- Seguridade Social (subconcepto 16000)	-16.744.217,21
- Outros gastos sociais a cargo do empregador (artigo 16)	-3.639.653,61
<b>Masa retributiva global funcionarios</b>	<b>41.493.550,42</b>
- Retribucións básicas persoal funcionario (concepto 120)	-14.930.898,22
- Complemento de destino persoal funcionario (subconcepto 12100)	-8.155.299,60
<b>Base de cálculo para límites RD 861/1986</b>	<b>18.407.352,60</b>
Importe máximo complemento específico (75%)	13.805.514,45
Importe máximo produtividade (30%)	5.522.205,78
Importe máximo gratificacións (10%)	1.840.735,26
Importe complemento específico persoal funcionario orzamento (12101)	17.169.901,14
Importe produtividade orzamento (15000)	420.000,00
Importe gratificacións orzamento (15100)	390.000,00
<b>Importe total CE, produtividade e gratificacións</b>	<b>17.979.901,14</b>

Polo que, examinado o capítulo 1 do proxecto de orzamento, o importe correspondente ao complemento específico dos funcionarios supera a porcentaxe máxima do 75% da masa retributiva establecida no artigo 7 do Real Decreto 861/1986. Pola súa parte, tanto os importes consignados inicialmente no orzamento como as contías máximas previstas na Disposición Adicional 7ª das Bases de Execución dos Orzamentos -3 millóns de euros para o complemento de produtividade e 1,7 millóns para gratificacións- atoparíanse dentro dos límites porcentuais sinalados.

No capítulo I "Gastos de Persoal" tamén se inclúen, entre outros, os créditos necesarios para a **acción social**, así como para atender os gastos por **achegas aos plans de pensións** do persoal dependente do Concello de Vigo e da XMU.

Na aplicación orzamentaria 2210.1620400 "Fondo Social" do estado de gastos do proxecto de orzamentos prevese un crédito inicial de 480.000,00 euros fronte aos 430.000,00 previstos nos orzamentos do ano 2022.

O artigo 19 Dos 3) do Proxecto de Lei de Orzamentos Xerais do Estado para 2023, de carácter básico, establece que os gastos de acción social non poderán incrementarse respecto aos de



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 05/12/2022 08:57	Páxina 28 de 57
76-142	CSV: A3A9BD-5852EF-2CCC4A-TP38SB-AWT3AM-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

2022, e conforme ao disposto no apartado Oito do citado precepto os acordos, convenios ou pactos que impliquen incrementos superiores deberán experimentar a oportuna adecuación, devindo inaplicables as cláusulas que se opoñan ao mesmo. Polo tanto non poderá incrementarse o gasto destinado a esta finalidade con respecto ao previsto nos orzamentos do ano 2022.

### **Verificación das limitacións establecidas na LRBRL (concelleiros e persoal eventual).**

Nos orzamentos aparecen consignadas as retribucións, indemnizacións e asistencias dos membros da Corporación nos termos e coas limitacións establecidas nos apartados 1 a 4 do artigo 75 da LRBRL.

As **retribucións dos membros da Corporación municipal** non superan, en ningún caso, o límite máximo total que poden percibir os membros das Corporacións Locais por todos os conceptos retributivos e asistencias, excluídos os trienios aos que no seu caso teñan dereito aqueles funcionarios de carreira que se encontren en situación de servizos especiais, establecido, para os municipios con poboación entre 150.001 e 300.000 habitantes, en 80.000 euros, segundo a disposición adicional nonaxésima da Lei 22/2013, do 23 de decembro, de Orzamentos Xerais do Estado para 2014, modificada polo artigo undécimo do Real Decreto-lei 1/2014, de 24 de xaneiro, de reforma en materia de infraestruturas e transporte, e outras medidas económicas.

O número de **membros da Corporación que presta os seus servizos en réxime de dedicación exclusiva**, doce, non excede do límite sinalado no apartado j) do artigo 75 ter da LRBRL, precepto engadido pola Lei 27/2013, do 27 de decembro, e aplicable a partir do 1 de xullo de 2015 segundo a Disposición Transitoria Décima da 27/2013 Lei de Racionalización e Sustentabilidade da Administración Local<sup>6</sup>.

Así mesmo, o **número de postos de traballo de persoal eventual** incluídos no cadro de persoal orzamentario, vinte, non excede do límite sinalado no apartado f) do artigo 104 bis da LRBRL, precepto engadido pola Lei 27/2013, do 27 de decembro e igualmente aplicable a partir do 1 de xullo de 2015 segundo a Disposición Transitoria Décima da 27/2013 Lei de Racionalización e Sustentabilidade da Administración Local<sup>7</sup>.

Segundo o disposto no artigo 37 da Lei 7/2007, de 12 de abril, polo que se aproba o Estatuto Básico do Empregado Público<sup>8</sup>, tamén forma parte da documentación incorporada ao expediente, acta da mesa xeral de negociación celebrada o 07/10/2022.

### **Produtividade (150 00) e gratificacións (151 00).**

O proxecto de orzamentos para o ano 2023 prevé un crédito inicial nas aplicacións 15000 "produtividade" e 15100 "gratificacións" de 420 e 390 mil euros respectivamente, distribuído nas aplicacións orzamentarias seguintes:

1320.1500000	240.000,00 euros	420.000,00 euros
1360.1500000	20.000,00 euros	
9200.1500000	160.000,00 euros	390.000,00 euros
1320.1510000	50.000,00 euros	

<sup>6</sup> Nos Concellos de Municipios con poboación comprendida entre 100.001 e 300.000 habitantes, os membros que poderán prestar os seus servizos en réxime de dedicación exclusiva non excederá de dezaoitto.

<sup>7</sup> Os Concellos de Municipios con poboación superior a 75.000 e non superior a 500.000 habitantes poderán incluír nos seus persoais postos de traballo de persoal eventual por un número que non poderá exceder do número de concelleiros da Corporación local.

<sup>8</sup> Artículo 37 TREBEP . Materias obxecto de negociación: "1. Serán obxecto de negociación, en su ámbito respectivo y en relación con las competencias de cada Administración Pública y con el alcance que legalmente proceda en cada caso, las materias siguientes: a) La aplicación del incremento de las retribuciones del personal al servicio de las Administraciones Públicas que se establezca en la Ley de Presupuestos Generales del Estado y de las Comunidades Autónomas. (...)."



1360.1510000	190.000,00 euros	
9200.1510000	150.000,00 euros	

Se consideramos os datos das liquidacións orzamentarias correspondentes á serie temporal dende o ano 2010 ata o 2021, conséntase que os créditos iniciais asignados ás aplicacións orzamentarias 1500000 “produtividade” e 1510000 “gratificacións”, unicamente representan unha media aproximada do 30% e 25%, respectivamente, do importe total das obrigas recoñecidas a fin de exercicio.

Por este motivo, tendo en conta que a vinculación xurídica de ditas aplicacións é consigo mesma, no probable suposto de necesitar un maior crédito orzamentario para atender as obrigas de gasto xeradas con cargo ás mesmas, deberanse tramitar as oportunas modificacións de créditos minorando ás dotacións non consumidas como consecuencia da existencia dun elevado número de prazas vacantes non cubertas e dotadas nos orzamentos.

En calquera caso, lémbrese que calquera traballos, autorizacións ou encomendas que poidan supoñer o recoñecemento dun complemento de produtividade ou unha gratificación, debe de ser obxecto de autorización previa polo órgano competente, momento no que se comprobará a existencia de crédito suficiente na aplicación orzamentaria que corresponda.

### **Aplicación orzamentaria (9200.14000) “Interinos sen praza”.**

A mesma conclusión podemos chegar con respecto a dotación adicional necesaria, de ser o caso, para facer fronte aos gastos imputables á aplicación 9200.1400000 “interinos sen praza”, cunha dotación inicial prevista de 822.024,01 euros.

Segundo o informe técnico do equipo de traballo da Área de Recursos Humanos e Formación inclúese como crédito inicial da aplicación 9200.1400000 os importes dos créditos xa aprobados no ano 2022 para o exercicio 2023, sendo necesario realizar as necesarias modificacións orzamentarias con cargo aos créditos non consumidos, ao efecto de dispor de crédito para os nomeamentos interinos por acumulación de tarefas ou programas que sexa necesario realizar no exercicio 2023.

En efecto, segundo os datos da liquidación do ano 2021 con cargo á aplicación orzamentaria 9200.1400000 recoñecéronse obrigas por 2,09 millóns euros (fronte a un crédito inicial de 767.629,27 euros), e no presente exercicio, a data 27/10/2021, téñense recoñecido obrigas por 1.419.887,80 euros, sendo o crédito inicial de 767.629,27 euros, polo que a final do exercicio é posible que o gasto nesta aplicación orzamentaria alcance unha cifra próxima aos 2 millóns de euros, similar ao do exercicio precedente.

Esta Intervención debe manifestar que a lexislación vixente configura o recurso ao nomeamento de persoal funcionario interino por exceso ou acumulación de tarefas como unha modalidade de carácter excepcional e circunstancial, polo que non se debe de recorrer a este tipo de nomeamentos de forma habitual e continuada no tempo baixo o paraugas dunha urxente e inaprazable necesidade, nin tampouco para satisfacer necesidades estruturais nin permanentes da Administración, tal e como veu sucedendo nestes últimos anos.

Por este motivo, para garantir unha adecuada estabilidade e equilibrio orzamentario, debe facerse un control e seguimento continuo do capítulo 1 do estado de gastos dos orzamentos, así como da execución das ofertas de emprego público de exercicios anteriores, de modo que se garanta en todo momento a suficiencia dos créditos presupostados para atender ao cumprimento dos gastos de persoal.

### **Capítulo 2: Gastos correntes en bens e servizos.**

O capítulo II do proxecto de Orzamentos do Concello de Vigo ascende a 150.494.505,42 euros, que supón unha variación positiva ou incremento porcentual do 10,98% sobre o mesmo capítulo do orzamento do ano 2022, e representa un 52,07% respecto do total do orzamento e un 57,89 por 100 sobre os gastos correntes non financeiros (capítulos I a V).



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 05/12/2022 08:57	Páxina 30 de 57
76-142	CSV: A3A9BD-5852EF-2CCC4A-TP38SB-AWT3AM-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

Nos estados consolidados este capítulo ascende a 152.297.539,91 euros, representa o 52,15 por 100 sobre o orzamento total e o 58,17 por 100 sobre os gastos correntes non financeiros. En canto á variación positiva nos estados consolidados deste capítulo en relación co orzamento do ano 2021 é do 10,88 por 100.

Na Memoria e no informe económico elaborado pola Dirección Orzamentaria indícase que este capítulo recolle todos os compromisos de carácter contractual e outros gastos necesarios para o funcionamento operativo, estando dotadas as aplicacións de forma axeitada e suficiente para facer fronte ás obrigas de carácter contractual e todas aquelas que se consideran necesarias para o bo funcionamento dos servizos, tanto as vixentes, por derivarse de compromisos de gasto de carácter plurianual asumidos nos exercicios 2022 e anteriores, como as que se prevén licitar no ano 2023.

Tamén indica o citado informe que as aplicacións que forman este capítulo teñen recollidas as actualizacións de prezos conforme aos sistemas ou fórmulas de revisión previstas nos pregos de cláusulas administrativas particulares, de ser o caso.

Dentro deste capítulo contan con financiamento alleo as aplicacións orzamentarias seguintes:

- ✓ 2310.2270611 proxecto 21231011, DUSI, Obxectivo OT9, LA19, 20% formación: 112.000,00
- ✓ 1539.2260200 proxecto 18153900, DUSI, comunicación, todos os obxectivos e liñas: 85.528,00
- ✓ 1532.2100004 proxecto 22153204, Plan de mellora de firmes cofinanciado Deputación de Pontevedra: 2.150.000,00
- ✓ 2310.2279901 Lei dependencia, Plan concertado, Xunta de Galicia: 7.226.500,00
- ✓ 3112.22799 CEDRO, Xunta de Galicia: 541.039,00
- ✓ 1510.2270602 Redacción do Plan Xeral, Xunta de Galicia: 452.540,00
- ✓ 1510.2279907 Oficina de rehabilitación XMU, Xunta de Galicia: 189.400,00
- ✓ 3230.22799 Subvención Escolas infantís, Xunta de Galicia: 383.785,00

### Capítulos 3 e 9: Gastos financeiros e Pasivos financeiros.

O **Capítulo 3** do orzamento consolidado para 2023 ascende unicamente a 55.530,00 euros, sendo o peso relativo deste capítulo no orzamento insignificante (0,02%).

Non se consigna importe algún para facer fronte ao aboamento de xuros de préstamos bancarios, xa que nin o Concello de Vigo nin o organismo autónomo local XMU teñen préstamos pendentes de reembolso coas entidades financeiras, nin se prevé a súa concertación ao longo do exercicio 2023 para o financiamento das inversións.

Tampouco se contemplan neste capítulo gastos financeiros como consecuencia da posible concertación de operacións de crédito a curto prazo xa que non se prevén déficits transitorios de liquidez ao longo do exercicio, segundo o plan de tesouraría elaborado polo tesoureiro municipal. Nesta liña, esta Intervención estima que as existencias de tesouraría a 31/12/2022 situaranse en torno a 130 millóns de euros polo que, en principio, non deben de existir tensións de liquidez ao longo do exercicio 2023.

O **Capítulo 9** do orzamento non ten dotación orzamentaria xa que nin o Concello de Vigo nin a XMU teñen débeda financeira pendente de reembolso.

Neste capítulo non se inclúen os saldos que debe reintegrar o Concello de Vigo ao Estado derivado das liquidacións definitivas da participación nos tributos do Estado conforme ao disposto na DF Trixésima primeira da Lei 17/2012, de 27 de decembro, de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2013, que modifica o Real Decreto-Lei 20/2011, de 30 de decembro, de medidas urxentes en materia orzamentaria, tributaria e financeira para a corrección do déficit público, que computan, non como gasto, senón como menor ingreso polo citado concepto.

### Capítulo 4: Transferencias correntes.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 05/12/2022 08:57	Páxina 31 de 57
76-142	CSV: A3A9BD-5852EF-2CCC4A-TP38SB-AWT3AM-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

O capítulo IV do proxecto de Orzamentos do Concello de Vigo ascende a 34.498.118,09 euros, que supón un aumento porcentual do 4,16 por 100 sobre o mesmo capítulo do orzamento do ano 2022, e representa un 11,94 por 100 respecto do total do orzamento e un 13,27 por 100 sobre os gastos correntes non financeiros.

En canto á variación nos estados consolidados deste capítulo en relación co orzamento do ano 2022 é do 5,05 por 100. Nos estados consolidados o importe deste capítulo redúcese ata os 28.668.153,09 euros, debido ao axuste por consolidación derivado da transferencia de financiamento do Concello á XMU por importe de 5.829.965,00 euros recollido na aplicación 1510.4100000 do estado de gastos do Concello de Vigo, como achega para o financiamento dos gastos xerais de funcionamento do citado organismo autónomo.

No estado de gastos prevese a concesión directa de **subvencións nominativas**, constando expresamente a dotación orzamentaria e o beneficiario de cada unha de elas, en cumprimento do disposto no artigo 22.2 a) da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións. A estes efectos incorporase ao expediente informe de cada un dos servizos xestores destas subvencións, das razóns ou motivos que xustifican a concesión directa destas subvencións, así como un anexo coa totalidade das citadas subvencións. O obxecto destas subvencións deberá quedar determinado expresamente no correspondente convenio de colaboración ou resolución de concesión que, en todo caso, deberá ser congruente coa clasificación funcional e económica do correspondente crédito orzamentario. Por conseguinte, nestas subvencións a execución do gasto subvencionado deberá coincidir co exercicio orzamentario xa que van ligadas ao orzamento anual.

### Capítulos 6 e 7: Investimentos reais e transferencias de capital.

O estado de gastos consolidado contempla operacións de capital non financeiro – capítulos 6 “investimentos” e 7 “transferencias de capital”- por importe de 29.716.745,70 euros, que representan o 10,17% do importe total de dito orzamento.

No que se refire ao gasto en investimentos (capítulo VI), prodúcese unha diminución con respecto ao exercicio 2022 de -11.764 miles de euros en termos consolidados (-28,87%), sendo o capítulo do estado de gastos que experimenta unha maior variación en termos relativos (abstracción feita do capítulo 3).

### Cadro: Financiamento das inversións previstas no Orzamento consolidado 2023 e comparativa co ano 2022

Financiamento das inversións						
Tipo de recurso	2023		2022		Diferenza 2023/2022	
	Importe	%	Importe	%	Importe	%
Recursos propios	10.716.991,45	36,98 %	17.371.630,76	42,64 %	-6.654.639,31	-38,31 %
<b>Total recursos propios</b>	<b>10.716.991,45</b>	<b>36,98 %</b>	<b>17.371.630,76</b>	<b>42,64 %</b>	<b>-6.654.639,31</b>	<b>-38,31 %</b>
Deputación Pontevedra	7.383.462,43	25,48 %	7.280.752,48	17,87 %	102.709,95	1,41 %
Fondos FEDER	10.876.847,82	37,54 %	388.969,08	0,95 %	10.487.878,74	2696,33 %
ADIF	0,00	0,00 %	0,00	0,00 %	0,00	0,00 %
Administración do Estado	0,00	0,00 %	15.700.000,00	38,54 %	-15.700.000,00	-100,00 %
Xunta de Galicia	0,00	0,00 %	0,00	0,00 %	0,00	0,00 %
Empresas privadas	0,00	0,00 %	0,00	0,00 %	0,00	0,00 %
Outros axentes	0,00	0,00 %	0,00	0,00 %	0,00	0,00 %
<b>Total financiam. alleo</b>	<b>18.260.310,25</b>	<b>63,02 %</b>	<b>23.369.721,56</b>	<b>57,36 %</b>	<b>-5.109.411,31</b>	<b>-21,86 %</b>
<b>Total inversións</b>	<b>28.977.301,70</b>	<b>100,00 %</b>	<b>40.741.352,32</b>	<b>100,00 %</b>	<b>-11.764.050,62</b>	<b>-28,87 %</b>





No expediente orzamentario non consta un anexo de investimentos propiamente dito, co contido regulamentado no artigo 19 do RD 500/1990, de 20 de abril. Con todo, a información que corresponde a dito anexo atópase no resto da documentación complementaria incorporada ao expediente. Deste xeito, o capítulo 6 componse de proxectos de inversión cuxa codificación, denominación e financiamento inclúese na Memoria e no Plan de Investimentos e Financiamento - PAIF- do Orzamento Xeral.

### Cadro: Investimentos 2023

Aplicación	Proxec.	Investimento	R. propios	Fin. Allea	Total	C.F. 2023
1320.6090000	23132006	Proxecto de Zona de Baixas Emisións, NextGeneration	664.918,36	4.055.281,05	4.720.199,41	85,91 %
1320.6260002	23132001	Adquisición equipos adhesión plan comunicación	19.000,00		19.000,00	0,00 %
1320.6290000	23132000	Compra de armas	20.000,00		20.000,00	0,00 %
1320.6290002	23132002	Adquisición etilómetros	11.000,00		11.000,00	0,00 %
1320.6290004	23132004	Casco de moto e intercomunicadores bluetooth	70.000,00		70.000,00	0,00 %
1320.6290005	23132005	Equipamento do servizo	5.000,00		5.000,00	0,00 %
1320.6410010	23132010	Adquisición aplicativo atestados	46.706,00		46.706,00	0,00 %
1350.6290000	23135000	Desfibriladores semiautomáticos portátiles	5.000,00		5.000,00	0,00 %
1330.6250000	23133000	Compra de mobiliario	2.000,00		2.000,00	0,00 %
1360.6220000	21136000	2ª Anual. construción P.Bomb en. Bouzas	1.968.000,00		1.968.000,00	0,00 %
1360.6250009	21136000	Mobiliario Novo Parque de Bombeiros	50.000,00		50.000,00	0,00 %
1360.6290000	23136020	Adquisición de equipos	10.000,00		10.000,00	0,00 %
1360.6290001	21136000	Equipamento Novo Parque de Bombeiros	50.000,00		50.000,00	0,00 %
1360.6320000	23136001	Investimentos de mellora nos inmobles	10.000,00		10.000,00	0,00 %
1360.6330010	23136010	Compra de reposición de aparataxe	12.000,00		12.000,00	0,00 %
1360.6340000	23136010	Reparacións estruturais de vehículos	10.000,00		10.000,00	0,00 %
1360.6410002	22136002	Desenvolvementos informáticos de xestión do parque	45.000,00		45.000,00	0,00 %
1510.6000000	23151000	Compras e expropiacións de chan	90.000,00		90.000,00	0,00 %
1510.6000200	22151011	Expropiacións corredor do Lagares	250.000,00		250.000,00	0,00 %
1510.6220000	23151001	Investimentos edificios Praza da Igrexa	0,00	715.462,58	715.462,58	100,00 %
1510.6230000	23151002	Maquinaria e Instalacións	1.000,00		1.000,00	0,00 %
1510.6250000	23151003	Compra de mobiliario	4.000,00		4.000,00	0,00 %
1510.6260000	23151004	Compra de equipos informáticos	20.000,00		20.000,00	0,00 %
1510.6320000	23151005	Investimentos mellora no edificio da XMU	6.000,00		6.000,00	0,00 %
1510.6810100	23151006	Cotas de urbanización	20.000,00		20.000,00	0,00 %
1510.6810300	23151007	Investimentos en chan do PMS	10.000,00		10.000,00	0,00 %
1532.6190000	22153200	Humanización Rotonda Barco e Darío Durán, Dept.	250.420,17	600.000,00	850.420,17	70,55 %
1532.6090002	23153202	Construción beirarrúas Rúa Roupeiro	150.000,00		150.000,00	0,00 %
1532.6090004	23153204	Construción beirarrúas Foxos atea s. Jurjo Badía	100.000,00		100.000,00	0,00 %
1532.6190008	22153208	Humaniz. San Roque, Greog. Espino – Ruiseñor, Dept.	447.058,82	1.000.000,00	1.447.058,82	69,11 %
1532.6190006	23153206	Plan de Beirarrúas en Barrios	500.000,00		500.000,00	0,00 %
1532.6190009	23153209	Me.Accesibilidade C.Comercial Coia, R Mondariz-Souto*	50.000,00		50.000,00	0,00 %
1532.6190014	23153214	Mell.zona peonil cuberta Praza do Emigrante	50.000,00		50.000,00	0,00 %
1532.6890095	23153295	Escultura e colocación en R.Rosalía Castro	100.000,00		100.000,00	0,00 %
1539.6190011	21153911	Vigo Vertical, 2ª actuación T. Vigo_Aragón, Dept.+MRR	330.252,10	1.254.086,05	1.584.338,15	79,16 %
1539.6190012	21153912	Vigo Vertical,J.R.JIMENEZ J.Benavente-Torcededei, Dept.	420.336,13	820.000,00	1.240.336,13	66,11 %
1539.6190013	22153913	Vigo Vertical, Avda. Camelias- Hispanidade, Romil, Dept.	400.000,00	943.697,48	1.343.697,48	70,23 %
1539.6090062	20153962	Vigo Vertical, Acceso C. Saúde TEIS, MRR	0,00	972.971,67	972.971,67	100,00 %
1539.6090064	20153964	Vigo Vertical, .Vigo entre o 160-209, MRR	0,00	536.422,08	536.422,08	100,00 %
1539.6090066	22153966	Vigo Vertical, R.Nieto-Fonte Oscura, MRR	0,00	1.349.638,24	1.349.638,24	100,00 %
1539.6090067	22153967	Vigo Vertical, C.Losada-R. Nieto; MRR	0,00	1.647.458,28	1.647.458,28	100,00 %
1539.6090068	22153968	Vigo Vertical, Romil-Hispan. Rolan-Ruibal; MRR	0,00	945.527,87	945.527,87	100,00 %
1610.6220000	23161000	Obras novas en abastecemento e saneamento	10.000,00		10.000,00	0,00 %
1610.6320001	23161001	Obras de reposición en abastecemento e saneamento	10.000,00		10.000,00	0,00 %
1621.6330000	23162100	Investimento reposición colectores soterrados	15.000,00		15.000,00	0,00 %



1640.6210000	22164000	2ª anualidade camiño planta vexetal Cemiterio Pereiró	90.000,00		90.000,00	0,00 %
1650.6330000	22165000	Investimento alumeado e reposición maquinaria	50.000,00		50.000,00	0,00 %
1710.6090000	23171000	Mobiliario Urbano	80.000,00		80.000,00	0,00 %
1710.6190000	23171010	Mell. Instalacións deportivas en parques	80.000,00		80.000,00	0,00 %
1710.6190003	23171003	Recuperación de zonas verdes e P. Públicos	100.000,00		100.000,00	0,00 %
1710.6190015	21171011	Parque infantil na rúa Coruña	800.000,00		800.000,00	0,00 %
1710.6190015	23171015	Parques infantís e biosaudables	100.000,00		100.000,00	0,00 %
1710.6190016	23171016	Arranxo de palcos en alamedas	15.000,00		15.000,00	0,00 %
1710.6230018	23171018	Maquinaria xardíns	6.000,00		6.000,00	0,00 %
1720.6090009	23172009	Mellora dotacional praia do ADRO	20.000,00		20.000,00	0,00 %
1720.6090010	23172010	Liñas soterrada quioscos es praias	20.000,00		20.000,00	0,00 %
1720.6220010	23172001	Construción de novos caniles en caneira da Madroa	40.000,00		40.000,00	0,00 %
1720.6290000	23172000	Elem. dotacionais e adquisición mat. Per.mob.reducida	10.000,00		10.000,00	0,00 %
1721.6090010	22172100	Recup.dunar en Samil, fase 1, P.Punta-Camaleón, Dept.	826.728,11	3.130.000,00	3.956.728,11	79,11 %
2310.6250000	23231000	Mobiliario dependencias	2.000,00		2.000,00	0,00 %
2410.6230000	23241000	Maquinaria programas de emprego	10.000,00		10.000,00	0,00 %
2410.6250000	23241001	Mobiliario programas de emprego	10.000,00		10.000,00	0,00 %
2410.6260000	23241002	Equipos informáticos programas de emprego	10.000,00		10.000,00	0,00 %
3230.6220005	21323008	Cubrición de patios en colexios,	50.000,00		50.000,00	0,00 %
3230.6250000	23323000	Mobiliario para colexios	5.000,00		5.000,00	0,00 %
3230.6290000	23323001	Instrumentos musicais	3.000,00		3.000,00	0,00 %
3230.6310000	23323010	Investimentos en patios colexios	10.000,00		10.000,00	0,00 %
3231.6220000	23323100	Obras adaptación centro UNED	6.000,00		6.000,00	0,00 %
3231.6250000	23323101	Mobiliario e dotacións	5.000,00		5.000,00	0,00 %
3231.6290000	23323102	Outro inmovilizado	5.000,00		5.000,00	0,00 %
3261.6230000	23326100	Maquinaria instalacións e utillaxe	3.000,00		3.000,00	0,00 %
3261.6250000	23326101	Mobiliario aula e talleres, EMAO	3.000,00		3.000,00	0,00 %
3261.6260000	23326102	Sistemas informáticos, EMAO	2.000,00		2.000,00	0,00 %
3261.6320000	23326103	Mellora no edificio, EMAO	11.000,00		11.000,00	0,00 %
3321.6230000	23332100	Sistemas de seguridade en Bibliotecas	5.000,00		5.000,00	0,00 %
3331.6230001	23333101	Enfriadora Verbun	50.000,00		50.000,00	0,00 %
3331.6230015	23333115	Climatización Casa da Cultura	60.000,00		60.000,00	0,00 %
3331.6290002	23333102	Equipamentos culturais	5.000,00		5.000,00	0,00 %
3331.6290000	23333100	Mesa de son e consola iluminación auditorio Concello	20.000,00		20.000,00	0,00 %
3321.6290003	23332103	Equipamentos bibliotecas	10.000,00		10.000,00	0,00 %
3330.6230001	23333010	Adquisición de maquinaria	5.000,00		5.000,00	0,00 %
3330.6290001	23333001	Adquisición equipamentos museos	10.000,00		10.000,00	0,00 %
3330.6250002	23333002	Adquisición mobiliario museos	5.000,00		5.000,00	0,00 %
3330.6320000	23333000	Investimentos reposición en Museos	20.000,00		20.000,00	0,00 %
3360.6190002	23336002	Invest. Reposición ben P. Histórico, uso xeral	10.000,00		10.000,00	0,00 %
3360.6320003	23336003	Invest. Reposición ben P. Histórico, Serv. Público	10.000,00		10.000,00	0,00 %
3360.6890000	23336000	Recup. e posta en valor do Patri. etnográfico	10.000,00		10.000,00	0,00 %
3371.6220000	23337100	Novas instalacións, Zoo, Portas automáticas	7.000,00		7.000,00	0,00 %
3370.6220005	23337105	Construcción dun tiroleas	34.737,00		34.737,00	0,00 %
3370.6230000	23337110	Adquisición dun calentador e bomba de auga	3.000,00		3.000,00	0,00 %
3370.6260001	23337101	Instalación de WIFI exterior	7.000,00		7.000,00	0,00 %
3371.6290000	23337102	Compra de animais	3.000,00		3.000,00	0,00 %
3380.6320000	23338000	Investimento de mellora no Escenario Castrelos	40.000,00		40.000,00	0,00 %
3420.6220010	23342010	1ª anualidade Pavillón Matamá	50.000,00		50.000,00	0,00 %
3420.6230000	23342004	Caldeiras e equi. técnicos en insta. deportivas	75.000,00		75.000,00	0,00 %
3420.6250000	23342000	Mobiliario en instalacións	1.000,00		1.000,00	0,00 %
3420.6260000	23342002	Informatización instalacións do IMD	12.000,00		12.000,00	0,00 %
3420.6290000	23342010	Equipamento deportivo	80.000,00		80.000,00	0,00 %
3420.6320001	24342001	Redc.proxecto e 1ª anualidade Pistas atletismo Balaidos	230.000,00		230.000,00	0,00 %
3420.6320011	23342011	Investimento en melloras instalacións deportivas	380.000,00		380.000,00	0,00 %
4320.6250000	23432000	Adquisición mobiliario	8.000,00		8.000,00	0,00 %



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 05/12/2022 08:57

Páxina 34 de 57

76-142

CSV: A3A9BD-5852EF-2CCC4A-TP38SB-AWT3AM-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

9120.6890000	23912000	Adquisición de obra	3.000,00		3.000,00	0,00 %
9201.6290000	23912100	Adquisición sistemas de control PRL	10.000,00		10.000,00	0,00 %
9200.6320001	23920001	Invest. Reposición/seguridade na Casa Consistorial	65.000,00		65.000,00	0,00 %
9202.6230001	23920201	Instalación de Electrolinera P. móvil	15.000,00		15.000,00	0,00 %
9202.6240000	22920200	2ª anualidade adquisición vehículos	125.069,81		125.069,81	0,00 %
9202.6340000	23920210	Grandes reparacións de flota	10.000,00		10.000,00	0,00 %
9202.6410010	23920202	Adquisición programa xestión de flota	50.000,00		50.000,00	0,00 %
9203.6290000	23920300	Adquisición medios arquivo municipal	15.000,00		15.000,00	0,00 %
9207.6260000	23920700	Adquisición equipos informáticos	100.000,00		100.000,00	0,00 %
9240.6250002	23924002	Mobiliario oficinas descentralizadas	8.000,00		8.000,00	0,00 %
9240.6320005	23924005	Investimento de mellora en CC.Municipais	80.000,00		80.000,00	0,00 %
9330.6230015	23933015	Instalación ascensor en AVV NAVIA VELLO	50.000,00		50.000,00	0,00 %
9330.6250009	23933009	Adquisición de mobiliario	40.000,00		40.000,00	0,00 %
9330.6320000	23933000	Investimento mellora no Patrimonio Municipal	100.000,00		100.000,00	0,00 %
9330.6320010	14933010	Investimento mellora E. Balaídos OR. Até 30/09, Dept.	289.764,95	289.764,95	579.529,90	50,00 %
<b>Subtotais</b>			<b>10.716.991,45</b>	<b>18.260.310,25</b>	<b>28.977.301,70</b>	<b>63,02 %</b>

Segundo a memoria e o informe económico ao orzamento asinado polo funcionario responsable de contabilidade e orzamentos, as aplicacións orzamentarias do capítulo 6 recollen as anualidades correspondentes ao exercicio 2023 dos compromisos de investimentos plurianuais adquiridos nos exercicios 2022 e anteriores.

Na execución dos proxectos financiados cos créditos do capítulo de investimentos debe de ser prioritario facer unha adecuada planificación de modo que a execución dos proxectos de gasto se acomode ás dotacións orzamentarias previstas para o exercicio, garantindo o cumprimento do principio de anualidade e evitando os riscos dunha posible inestabilidade orzamentaria derivada da necesidade de incorporar os remanentes de crédito non executados ao orzamento do exercicio seguinte.

#### Décimo.- Estado de ingresos.

O estado de ingresos do proxecto de orzamento xeral para o ano 2023, que comprende o do Concello de Vigo e o da XMU, ascende a 292.059.835,00 euros, que supón un incremento do 2,30% respecto ao do exercicio 2022 (+6.557.578,82 euros).

O Proxecto de Orzamento consolidado de ingresos do Concello e a XMU para 2023, así como as súas variacións por capítulos respecto ao de 2022, recóllense no seguinte cadro:

<b>PROXECTO DE ORZAMENTO CONSOLIDADO DE INGRESOS (CONCELLO DE VIGO E XMU): DISTRIBUCIÓN POR CAPÍTULOS</b>				
<b>CAPÍTULOS</b>	<b>ORZAMENTO 2022</b>	<b>PROXECTO ORZAMENTO 2023</b>	<b>VARIACIÓN</b>	<b>VARIACIÓN %</b>
1 IMPOSTOS DIRECTOS	113.120.306,00	112.173.330,00	-946.976,00	-0,84 %
2 IMPOSTOS INDIRECTOS	10.362.766,18	10.615.870,00	253.103,82	2,44 %
3 TAXAS, PREZOS PÚBLICOS E OUTROS INGRESOS	41.593.957,85	42.499.371,32	905.413,47	2,18 %
4 TRANSFERENCIAS CORRENTES	93.459.998,57	105.002.172,81	11.542.174,24	12,35 %
5 INGRESOS PATRIMONIAIS	2.785.059,76	2.936.252,62	151.192,86	5,43 %
<b>OPERACIÓNS CORRENTES</b>	<b>261.322.088,36</b>	<b>273.226.996,75</b>	<b>11.904.908,39</b>	<b>4,56 %</b>
6 ALLEAMENTO INVERSIÓNS REAIS	0,00	0,00	0,00	0,00 %
7 TRANSFERENCIAS DE CAPITAL	23.648.167,82	18.300.838,25	-5.347.329,57	-22,61 %
<b>OPERACIÓNS CAPITAL NON FINANC.</b>	<b>23.648.167,82</b>	<b>18.300.838,25</b>	<b>-5.347.329,57</b>	<b>-22,61 %</b>



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 05/12/2022 08:57	Páxina 35 de 57
76-142	CSV: A3A9BD-5852EF-2CCC4A-TP38SB-AWT3AM-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

<b>INGRESOS NON FINANCIEROS</b>	<b>284.970.256,18</b>	<b>291.527.835,00</b>	<b>6.557.578,82</b>	<b>2,30 %</b>
8 ACTIVOS FINANCIEROS	532.000,00	532.000,00	0,00	0,00 %
9 PASIVOS FINANCIEROS	0,00	0,00	0,00	0,00 %
<b>OPERACIÓNS FINANCIERAS</b>	<b>532.000,00</b>	<b>532.000,00</b>	<b>0,00</b>	<b>0,00 %</b>
<b>TOTAL INGRESOS</b>	<b>285.502.256,18</b>	<b>292.059.835,00</b>	<b>6.557.578,82</b>	<b>2,30 %</b>

Polo que se refire á estrutura do Orzamento de Ingresos, os ingresos correntes supoñen o 93,55 por cento do total, e os de capital non financeiro o 6,27 por cento, porcentaxes que poñen de manifesto o menor peso relativo das transferencias de capital (capítulo 7) para o financiamento das inversións con respecto ao exercicio 2022, que pasan de 23,6 a 18,3 millóns de euros.

#### - Capítulos 1 a 3. Ingresos fiscais e asimilados.

Os Ingresos Tributarios (Capítulos 1 e 2 e artigos 30, 31, 32, 33 e 35 do Capítulo 3) son os recursos máis importantes, xa que supoñen o 52,82% por cento dos ingresos totais en termos consolidados.

Dentro dos ingresos tributarios, os impostos directos (112,17 millóns) representan o 72,71%, os indirectos (10,61 millóns) o 6,88% , as taxas (30,24 millóns) o 19,27%, e as contribucións especiais (1,25 millóns) o 0,81%.

Cap./Artigo	Concello	XMU	Consolidado
1.- Impostos directos	112.173.330,00	0,00	112.173.330,00
2.- Impostos indirectos	10.615.870,00	0,00	10.615.870,00
3.- Taxas, prezos públicos e outros ingresos	40.833.990,47	1.665.380,85	42.499.371,32
30.- Taxas pola prestación de ss. públicos básicos	17.689.100,00	0,00	17.689.100,00
31.- Taxas ss. públicos carácter social e preferente	1.428.061,99	0,00	1.428.061,99
32.- Taxas realización actividades competencia local	1.204.000,00	1.466.780,85	2.670.780,85
33.- Taxas utilización privativa ou aproveitamento esp. DPL	8.451.100,00	0,00	8.451.100,00
34.- Prezos públicos	2.935.312,00	0,00	2.935.312,00
35.- Contribucións especiais	1.250.000,00	0,00	1.250.000,00
38.- Reintegros de operacións correntes	20.000,00	0,00	20.000,00
39.- Outros ingresos	7.856.416,48	198.600,00	8.055.016,48
Totais I, II, III (1)	163.623.190,47	1.665.380,85	165.288.571,32
Tributarios (2)	152.811.461,99	1.466.780,85	154.278.242,84
Orzamento (3)	289.004.051,57	8.885.748,43	292.059.835,00
% (2) / (3)	52,88 %	16,51 %	52,82 %

Debe subliñarse que a estimación dos ingresos correntes presupostados (capítulos 1 a 3) realizouse sobre a base de criterios de prudencia, de maneira que os importes consignados no orzamento se aproximan aos importes que se espera recadar efectivamente, o que implica unha aproximación ao criterio de contabilidade nacional de imputación dos ingresos fiscais e asimilados polo importe total cobrado -criterio de caixa-, e evita en boa medida que a capacidade ou necesidade de financiamento da administración pública se vexa afectada polos importes dos ingresos cuxa recadación sexa incerta (Regulamento (CE) 2516/2000).

Así, no período correspondente aos exercicios 2015-2019 a recadación total, tanto de exercicio corrente coma de pechados, obtida polos capítulos 1 a 3 do orzamento de ingresos considerados no seu conxunto aproximouse aos importes inicialmente presupostados. En particular no exercicio



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 05/12/2022 08:57	Páxina 36 de 57
76-142	CSV: A3A9BD-5852EF-2CCC4A-TP38SB-AWT3AM-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

2019 a recadación superou en 9,27 millóns de euros o importe inicialmente orzamentado, e no 2018 en 2,69 millóns de euros. Esta tendencia crebou nos exercicios 2020 e 2021 a causa do impacto da crise do COVID-19 nas contas públicas (-4,83 e -4,14 millóns respectivamente), tanto pola redución da actividade como consecuencia da crise sanitaria e económica, como pola adopción polo Concello de Vigo de medidas discrecionais para tratar de paliar as consecuencias do COVID-19.

Conforme ao previsto no informe económico-financieiro do Presuposto de ingresos, para o cálculo dos ingresos previstos utilizáronse as seguintes premisas e informacións:

- 1.- Os dereitos recoñecidos e liquidados no exercicio de 2021 e a recadación de cada un dos conceptos.
- 2.- A execución de ingresos durante o presente exercicio 2022.
- 3.- A repercusión na estimación de ingresos para o ano 2023 derivada dos acordos plenarios de 26 de xaneiro de 2022, 29 de xuño de 2022 e 28 de setembro de 2022.
- 4.- Os ingresos extraordinarios que, previsiblemente, obteranse por procedementos de regularización tributaria, tanto polas actuacións do Servizo de Inspección de Tributos no marco do Plan de Control tributario de 2023 como polas actuacións de comprobación abreviada que realizará o Servizo de Xestión Tributaria.
- 5.- Datos relativos a alteracións catastrais obtidas na xestión do Servizo Municipal de Xestión Catastral Delegada.
- 6.- Estimación dos importes das transferencias do Estado por cesións de tributos correspondentes ao IRPF, IVE, II.EE e fondo complementario de financiamento (FCF) segundo os datos facilitados polo Ministerio de Economía e Facenda. Previsión do importe da Participación de Ingresos da Comunidade Autónoma (PICA) . As cesións por IRPF, IVE e IIEE incrementan a previsión para o ano 2023 respecto da realizada en 2022 nun 6,17%, o Fondo complementario de Financiamento incrementa nun 5,82% e a PICA, nun 4,52%.
- 7.- As subvencións de capital de outros axentes financiadores que xuntamente coa Entidade Local, cofinancian proxectos de infraestruturas.
- 8.- As previsións de ingresos foron realizadas con criterio de prudencia, tendo en conta a actual conxuntura económica pois as Ordenanzas Fiscais non actualizaron tipos nin bases impositibles en impostos, taxas nin prezos públicos.

A xuízo desta Intervención, como regra xeral o cálculo dos importes que aparecen consignados nos capítulos 1 a 3 do orzamento de ingresos, fundamentalmente os referidos aos ingresos que se producen como consecuencia de liquidacións de pagamento único e as súas variacións con respecto ás dos exercicios precedentes, deberían detallarse e xustificarse pormenorizadamente no informe económico financieiro de ingresos elaborado pola dirección de ingresos, excesivamente descriptivo. De calquera xeito, se tomamos en consideración os importes recadados nos últimos exercicios estímase adecuadas as previsións incluídas no orzamento.

#### - Capítulo 9. Endebedamento.

No capítulo 9 de ingresos non aparece consignado importe algún dado que o Concello de Vigo non prevé a contratación durante o exercicio de ningunha operación de endebedamento a longo prazo para financiar as súas inversións, en congruencia co disposto no plan de investimentos e no programa financeiro.

#### Undécimo.- Endebedamento

Tendo en conta, como dixemos ao longo do presente informe, que o Concello de Vigo e a XMU non teñen operacións de crédito pendentes de reembolso, o coeficiente de endebedamento é do 0,00%.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 05/12/2022 08:57	Páxina 37 de 57
76-142	CSV: A3A9BD-5852EF-2CCC4A-TP38SB-AWT3AM-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

## Duodécimo.- Tramitación e competencia

De conformidade co disposto no TRLRFL, LRBRL e Regulamento orgánico do Pleno do Concello de Vigo, o procedemento administrativo a seguir na tramitación do expediente de aprobación do orzamento xeral do Concello de Vigo comprende as seguintes fases sucesivas:

**Aprobación do proxecto.** Aprobación do proxecto de orzamentos pola Xunta de Goberno local (art. 127.1 b) LRBRL).

**Presentación de emendas.** Remisión do proxecto aprobado pola XGL á Comisión de Facenda cara á determinación do calendario de tramitación e apertura do prazo para a presentación de emendas polos Grupos Políticos con representación municipal.

**Elevación ao Pleno.** Ditame da Comisión de Facenda para a posterior elevación ó Pleno da Corporación para a súa aprobación, emenda ou devolución.

**Aprobación inicial.** Aprobación inicial do orzamento xeral polo Pleno da Corporación, por maioría simple dos membros presentes. O acordo de aprobación, que será único, deberá detallar os orzamentos que compoñen o orzamento xeral, sen que ningún deles poida ser aprobado por separado.

**Publicidade.** Exposición ao público do expediente por espazo de quince días, previo anuncio no Boletín Oficial da Provincia, durante o que os interesados poderán examinalos e presentar reclamacións perante o Pleno.

**Aprobación definitiva.** O orzamento considerarase definitivamente aprobado si durante o prazo de exposición pública non se presentaran reclamacións; noutro caso, o Pleno disporá dun prazo dun mes para resolvelas.

A aprobación definitiva do orzamento xeral polo Pleno da corporación haberá de realizarse antes do día 31 de decembro do ano anterior ao do exercicio no que deba aplicarse.

Se ao iniciarse o exercicio económico non houbese entrado en vigor o orzamento correspondente, considerarase automaticamente prorrogado o do anterior, cos seus créditos iniciais, sen prexuízo das modificacións que se realicen conforme ao disposto nos artigos 177, 178 e 179 desta lei e ata a entrada en vigor do novo orzamento.

- **Publicación e entrada en vigor.** Publicación do orzamento xeral definitivamente aprobado, resumido por capítulos de cada un dos orzamentos que o integran, no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra, e, simultaneamente, remisión de copia á Administración do Estado e á Comunidade Autónoma.

No que respecta é entrada en vigor, temos que distinguir dous supostos:

- Se o edicto anunciando a aprobación definitiva publícase no BOP antes de comezar o exercicio económico no que o orzamento deba rexer, a entrada en vigor producirase o 1 de xaneiro seguinte.
- Se a publicación efectúase xa iniciado o exercicio, o orzamento entrará en vigor o día da publicación, se ben, conforme ao artigo 21.6 do RP o orzamento definitivo aprobábase con efectos do 1 de xaneiro e os créditos incluídos nel terán a consideración de créditos iniciais. As modificacións e axustes efectuados sobre o orzamento prorrogado se entenderán feitas sobre o orzamento definitivo, salvo que o pleno dispoña no propio acordo de aprobación deste último que determinadas modificacións ou axustes considéranse incluídas nos créditos iniciais, en cuxo caso deberán anularse os mesmos.

## Décimoterceiro.- Do control financeiro permanente



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 05/12/2022 08:57	Páxina 38 de 57
76-142	CSV: A3A9BD-5852EF-2CCC4A-TP38SB-AWT3AM-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

Conforme ao disposto no artigo 29 do Real Decreto 424/2017, do 28 de abril, polo que se regula o réxime xurídico do control interno nas entidades do Sector Público Local, o control permanente exercerase sobre a Entidade Local e os organismos públicos nos que se realice a función interventora co obxecto de comprobar, de forma continua, que o funcionamento da actividade económico-financieira do sector público local axústase ao ordenamento xurídico e aos principios xerais de boa xestión financeira, co fin último de mellorar a xestión no seu aspecto económico, financeiro, patrimonial, orzamentario, contable, organizativo e procedimental.

O exercicio do control permanente comprende tanto as actuacións de control que anualmente se inclúan no correspondente Plan Anual de Control Financeiro, como as actuacións que sexan atribuídas no ordenamento xurídico ao órgano interventor.

Neste sentido, o artigo 168 do TRLRFL establece que o presidente da entidade formará o orzamento xeral e remitirao, informado pola Intervención e cos anexos e documentación complementaria, ao Pleno da corporación para a súa aprobación, emenda ou devolución, e o artigo 4.1 b) do Real Decreto 128/2018, de 16 de marzo, polo que se regula o Réxime Xurídico dos Funcionarios da Administración Local con Habilitación de Carácter Nacional pola súa parte dispón que o exercicio do control financeiro incluirá, en todo caso, as actuacións de control atribuídas no ordenamento xurídico ao órgano interventor, tales como, entre outras, o informe dos proxectos de orzamentos e dos expedientes de modificación destes.

O resultado das actuacións de control permanente documentarase en informes escritos, nos que se expoñerán de forma clara, obxectiva e ponderada os feitos comprobados, as conclusións obtidas e, no seu caso, as recomendacións sobre as actuacións obxecto de control. Así mesmo, indicaranse as deficiencias que deban ser emendadas mediante unha actuación correctora inmediata, debendo verificarse a súa realización nas seguintes actuacións de control (artigo 35.1 RD 424/2017).

Trátase, polo tanto, dunha modalidade de control preceptiva.

### **Conclusións e recomendacións.**

Visto o Proxecto de Orzamento Xeral para o exercicio económico de 2023, integrado polo orzamento do propio Concello e o orzamento do organismo autónomo Xerencia Municipal de Urbanismo, presentado polo concelleiro delegado de orzamentos e facenda, esta Intervención Xeral conclúe o seguinte:

**Primeira.-** Ao proxecto de orzamento xeral acompañanse, con carácter xeral, os anexos e documentación complementaria esixidos nos arts. 166.1 e 168 do TRLRFL.

**Segunda.-** O proxecto de orzamentos presentado axústase á estrutura orzamentaria da Orde EHA/3565/2008, do 3 de decembro, pola que se aproba a estrutura dos orzamentos das entidades locais.

**Terceira.-** Ningún dos orzamentos que integran o proxecto de orzamento xeral do Concello de Vigo presenta déficit inicial.

**Cuarta.-** O proxecto de orzamento consolidado do Concello de Vigo e a XMU para o ano 2023 presenta un superávit por operacións correntes de 11.415.907,45 euros, un saldo orzamentario non financeiro de 0,00 euros (equilibrio), un aforro bruto de 4.589.847,84 euros, e un aforro neto orzamentario de idéntica contía, polo que se presenta equilibrado e nivelado dende unha perspectiva orzamentaria.

**Quinta.-** O orzamento consolidado do conxunto de entes que integran o sector público local do Concello de Vigo preséntase equilibrado en termos de contabilidade nacional.

**Sexta.-** Como consecuencia da suspensión das regras fiscais, no ano 2023 o Concello de Vigo non



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 05/12/2022 08:57	Páxina 39 de 57
76-142	CSV: A3A9BD-5852EF-2CCC4A-TP38SB-AWT3AM-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

ten a obriga de cumprir o obxectivo de estabilidade, de débeda pública nin a regra do gasto, e con iso poderá facer uso do remanente de tesourería como recurso para o financiamento de modificacións orzamentarias sen incorrer en incumprimentos. Todo iso nun escenario de prudencia e responsabilidade fiscal á hora de executar os orzamentos, xa que a suspensión non afecta ao cumprimento das obrigacións previstas na Lei de Estabilidade Orzamentaria, ou noutras normas non vinculadas directamente coas regras fiscais, manténdose en 2023 os termos do réxime de autorización de operacións de endebedamento das CCAA e EELL, as obrigacións relativas ao período medio de pago a provedores, así como o control do seu cumprimento, entre outras.

**Sétima.-** En canto aos gastos do capítulo I (Gastos de Persoal), o importe correspondente ao complemento específico dos funcionarios supera a porcentaxe máxima do 75% da masa retributiva establecida no artigo 7 do Real Decreto 861/1986, de 25 de abril, polo que se establece o réxime das retribucións dos funcionarios de Administración Local. Pola súa parte, as contías máximas previstas na Disposición Adicional 7ª das Bases de Execución dos Orzamentos, 3 millóns de euros para o complemento de produtividade e 1,7 millóns para gratificacións, atoparíanse dentro dos límites porcentuais sinalados no citado precepto.

Por outra parte, tendo como referencia o gasto executado (obrigas recoñecidas) do Capítulo I nos exercicios anteriores, as dotacións iniciais das aplicacións orzamentarias 9200.1500000 “Produtividade”, 9200.1510000 “Gratificacións”, e 9200.1400000 “Persoal temporal non permanente”, de ser o caso, deberán aumentarse ao longo do exercicio 2023 tramitando a/as oportuna/s modificacións de créditos financiadas mediante anulacións ou baixas de créditos doutras aplicacións do capítulo 1 non comprometidas correspondentes as prazas vacantes non cubertas e dotadas nos orzamentos.

A proposta que se somete a consideración do Pleno da Corporación prevé que *“Se o dereito positivo de aplicación é alterado por modificación das normas citadas, ou por desenvolvemento da normativa legal ou regulamentaria, polo Pleno da Corporación acordaranse os axustes orzamentarios ou de liquidación e contables que procedan mediante o axuste das magnitudes, créditos e conceptos que corresponda conforme ás normas de aplicación ou ao interese xeral”*. En aplicación do disposto procederá realizar os seguintes axustes:

Como consecuencia de que durante a fase de elaboración dos presentes orzamentos, o Ministerio de Facenda publicou o Proxecto de Lei de Orzamentos Xerais do Estado para 2023 (en diante LOXE 2023) que foi presentado ás Cortes Xerais o 6 de outubro de 2021, e recentemente tamén publicouse no BOE número 251 de 19/10/2022 o Real Decreto-lei 18/2022, de 18 de outubro, polo que se aproban, entre outras, medidas en materia de retribucións do persoal ao servizo do sector público, antes da aprobación definitiva dos orzamentos polo Pleno da Corporación, **deberá axustarse a contía das retribucións dos empregados públicos do Concello de Vigo e da XMU consignadas nos anexos de persoal e, consecuentemente os créditos do capítulo 1 incluídos no Orzamento, ao establecido nos artigos 19 Dous e 23 Un da LOXE 2023 e no Real Decreto-lei 18/2022.**

Así mesmo, o artigo 19 Dos 3) do Proxecto de Lei de Orzamentos Xerais do Estado para 2023, de carácter básico, establece que **os gastos de acción social non poderán incrementarse respecto aos de 2022, polo que, de resultar finalmente aprobado o texto definitivo da LOXE 2023 conforme ao proxecto publicado, o crédito previsto para esta finalidade na aplicación orzamentaria 2210.1620400 do estado de gastos debería experimentar a oportuna adecuación**, habida conta de que calquera pacto ou acordo que se opoña ao disposto no citado precepto devirá inaplicable conforme ao establecido no apartado Oito do citado precepto.

Por outra parte, para facer fronte ao pago dos incrementos retributivos adicionais de ata o 1% previstos na LOXE 2023, no suposto de cumprirse as condicións establecidas para a súa aplicación, resultaría suficiente en principio o crédito consignado na aplicación orzamentaria correspondente ao Fondo de Continxencia.

**Oitava.-** No ano 2022 non se prevé concertar novas operacións de crédito a longo prazo, financiándose a totalidade dos gastos de capital non financeiros previstos no orzamento -inversións e transferencias de capital- con superávit corrente non financeiro e transferencias de capital.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 05/12/2022 08:57	Páxina 40 de 57
76-142	CSV: A3A9BD-5852EF-2CCC4A-TP38SB-AWT3AM-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		



**Novena.-** As Bases de Execución dos Orzamentos para o exercicio 2023 incorporan o contido mínimo establecido no TRLRFL e no RO. As porcentaxes de dotación aos saldos de dubidoso cobro previstas na base 54ª das anteditas bases son superiores ás dotacións mínimas previstas no artigo 193 bis do TRLRFL, dándose cumprimento ao disposto no citado precepto.

**Décima.-** Segundo o informe económico de gastos asinado polo responsable de contabilidade e orzamentos, as aplicacións orzamentarias do estado de gastos do orzamento xeral están dotadas de forma axeitada e suficiente para facer fronte ás obrigas de carácter contractual e aquelas que se consideran necesarias para o bo funcionamento dos servizos.

**Undécima.-** Estímanse adecuadas as previsións que aparecen consignadas no orzamento de ingresos.

**Duodécima.-** De conformidade co disposto no apartado 6 do artigo 173 da LRFL, a dispoñibilidade dos créditos orzamentarios destinados ao financiamento de inversións financiadas total ou parcialmente mediante a achega de fondos finalistas procedentes doutras Administracións Públicas ou de terceiros, e que foron tidas en conta nas previsións iniciais do orzamento a efectos da súa nivelación, quedará condicionada, en todo caso, a existencia de documentos fidedignos que acrediten os compromisos firmes de achega, e ata o importe previsto nos estados de ingresos en orde á afectación dos devanditos recursos na forma prevista pola lei ou, no seu caso, ás finalidades específicas das achegas para realizar. En particular, esta circunstancia afecta aos seguintes proxectos de gasto:

Aplicación	Proxecto	Emprego	FEDER	Deputación Pontevedra
9330.6320010	14933010	Investimento mellora E. F. Balaídos		289.764,95
1539.6090062	20153962	Vigo Vertical, Acceso C. Saude TEIS, MRR	972.971,67	
1539.6090064	20153964	Vigo Vertical, .Vigo entre o 160-209, MRR	536.422,08	
1539.6190011	21153911	Vigo Vertical, 2ª actuación T. de Vigo_Aragón, MRR	654.086,05	600.000,00
1539.6190012	21153912	Vigo Vertical J.R.Jimenez-J.Benavente-Torreced		820.000,00
1539.6190013	21153913	Vigo Vertical, J.R.Jimenez Av Camelias- Hispan.		943.697,48
1532.6190000	22153200	Humanización Rotonda Barco e Dario Durán		600.000,00
1532.6190008	22153208	Humanización S. Roque, Gre-Espino-Ruiseñor		1.000.000,00
1539.6090066	22153966	Vigo Vertical, R.Nieto-Fonte Oscura, MRR	1.349.638,24	
1539.6090067	22153967	Vigo Vertical, C.Losada-R. Nieto; MRR	1.647.458,28	
1650.6190010	22165010	Mellora eficiencia enerxética edificios M.FRTR	945.527,87	
1721.6090010	22172100	Recup dunar Samil, fase 1, P.Punta-Camaleón		3.130.000,00
1320.6090000	23132006	Zona de Baixas Emisións, MRR	4.055.281,05	
1510.6220000	23151001	Investimento edificio Praza da Igrexa, MRR	715.462,58	

Por todo canto antecede, en cumprimento do preceptuado no artigo 168.4 do TRLRFL, esta Intervención emite o presente informe ao proxecto de Orzamento xeral do Excmo. Concello de Vigo e o seu organismo autónomo Xerencia Municipal de Urbanismo para o ano 2023, elaborado pola concellería de orzamentos e facenda, facendo constar as seguintes recomendacións:

#### Recomendacións:

- Recomendase tramitar os orzamentos nos prazos que marca a Lei Reguladora das Facendas Locais.
- Recomendase que xunto co orzamento, as diferentes Áreas e/ou Servizos planifiquen as necesidades de recursos humanos que terán ao longo do exercicio, particularmente no que se refire ao nomeamento de persoal interino, dando preferencia ao nomeamento de persoal interino para ocupar prazas vacantes fronte ao nomeamento por exceso ou acumulación de tarefas polo prazo máximo de 9 meses, particularmente cando se trate de satisfacer necesidades estruturais ou permanentes da Administración.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 05/12/2022 08:57	Páxina 41 de 57
76-142	CSV: A3A9BD-5852EF-2CCC4A-TP38SB-AWT3AM-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

- Recoméndase levar a cabo durante o exercicio orzamentario un seguimento continuo dos investimentos financiados cos créditos do capítulo 6 do estado de gastos para garantir o cumprimento do principio de anualidade dos créditos.

A Xunta de Goberno Local, na súa sesión extraordinaria e urxente do 3.11.2022, prestou conformidade a dita proposta.

A Comisión Informativa de Orzamentos e Facenda, na súa sesión extraordinaria e urxente do 3 de novembro, comunica aos grupos políticos o calendario para a presentación de emendas e demais tramitación.

Durante o prazo establecido, rematado o día 11 de novembro de 2022, os voceiros dos grupos municipais: Mixto, Partido Popular, membro non adscrito e grupo Socialista, presentaron emendas ao proxecto de Orzamentos municipais.

Na sesión que tivo lugar o día 17 de novembro, o Consello Social da Cidade tomou coñecemento do proxecto de Orzamentos 2023.

A Dirección Superior Contable e Orzamentario, emite con data 11.11.2022, informe sobre as emendas presentadas.

Con data 11.11.22, a Dirección Superior Contable e Orzamentario e o concelleiro delegado de área, emiten a proposta que se transcribe a continuación,

**“Asunto:** Proposta de resolución de EMENDAS ao Proxecto de Orzamento Municipal do ano 2022.

**Órgano que formula:** Concellería de Orzamentos e Facenda.

**Órgano ao que se fórmula:** Pleno da Corporación, previo ditame da Comisión Informativa de Orzamentos e Facenda.

A Xunta de Goberno Local en sesión extraordinaria e urxente celebrada o día 3 de novembro de 2022, aprobou o Proxecto dos Orzamentos da Entidade Local e o seu Organismo Autónomo Administrativo, Xerencia Municipal de Urbanismo e os Plans de Actuación e Financiamento das Fundacións que forman parte do Grupo Concello de Vigo: MARCO e CONVENTION BUREAU para o ano 2023.

A Comisión de Orzamentos e Facenda, en sesión de data 03/11/2022 en aplicación do previsto no Regulamento Orgánico do Pleno, abriu o procedemento e fixou o calendario para que os grupos políticos municipais poidan presentar emendas ao Proxecto de Orzamentos aprobados pola Xunta de Goberno Local na sesión celebrada o día 3 de novembro de 2022. O prazo fixado comezou o día 03/11/2022 co acceso ao expediente 76/142 dende o 03/11/2022, e rematou as 13,00 horas do día 11/11/2022.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 05/12/2022 08:57	Páxina 42 de 57
76-142	CSV: A3A9BD-5852EF-2CCC4A-TP38SB-AWT3AM-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

De acordo ao previsto no artigo 82 do Regulamento Orgánico do Pleno (ROP), o expediente electrónico foi enviado á Secretaría do Pleno con data 03/11/2022, coa mesma data, autorizase a todos os Concelleiros que conforman o Pleno o acceso ao expediente coa finalidade de que poidan consultar e imprimir todos os documentos que consideren necesario para o estudo e formación da vontade sobre o pronunciamento que adopten no expediente, quedando así garantida a posta a disposición da documentación que conforma o expediente para o estudo e a formación da vontade dos Grupos Políticos Municipais e Membros non adscritos.

Seguindo o procedemento legalmente establecido, os Grupos Políticos Municipais, ao amparo do previsto no artigo 83 do Regulamento Orgánico do Pleno (ROP), fixeron uso desta prerrogativa e presentaron emendas ao Orzamento no prazo previsto pola Comisión do que queda constancia no expediente coa data 11/11/2022 e rexistradas polo rexistro do Pleno na data que figura nos documentos que se incorporan ao expediente electrónico.

No informe do Sr. Tesoureiro, Director Superior Contable e Orzamentario, enuméranse as principais limitacións a ter en conta na avaliación das emendas aos efectos de respectar o contido do artigo 83.5 do Regulamento Orgánico do Pleno e de non por en risco os equilibrios orzamentarios e sobre a aproximación do Proxecto en trámite en relación coas taxas de referencia para os distintos subsectores públicos, en especial, para as EE.LL, que para as contas do ano 2023, establécese un obxectivo de superávit do 0,1% do PIB. Polo tanto, de equilibrio orzamentario na fase de aprobación e dun superávit do 0,1% do PIB na liquidación do citado exercicio 2023.

Reflicítense as conclusións técnicas sobre as emendas que teñen ese carácter. Sobre as que conteñen unha posición política, non fai unha proposta.

No prazo fixado pola Comisión informativa de Orzamentos e Facenda, presentáronse as seguintes emendas:

#### **EMENDA PRESENTADA POLO VOCEIRO DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO SOCIALISTA**

No prazo fixado pola Comisión informativa de Orzamentos e Facenda, con data 11/11/2022, rexistrada na mesma data, o Sr. Concelleiro, D. Carlos López Font, voceiro do Grupo Municipal dos Socialistas, presentou emenda parcial.

#### **EMENDA PRESENTADA POLO VOCEIRO DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR**

No prazo fixado pola Comisión informativa de Orzamentos e Facenda, con data 11/11/2022, rexistrada na mesma data, o Sr. Concelleiro, D. José Alfonso Marnotes González, voceiro do Grupo Municipal Populares de Vigo, presentou emenda a totalidade.

#### **EMENDA PRESENTADA POLO CONCELEIRO DO BLOQUE NACIONALISTA GALEGO, MEMBRO NON ADSCRITO DO PLENO**

En data 11/11/2022, o Sr. Concelleiro do Bloque Nacionalista Galego, D. Xabier Pérez Iglesias, membro non adscrito do Pleno, presentou emenda parcial.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 05/12/2022 08:57	Páxina 43 de 57
76-142	CSV: A3A9BD-5852EF-2CCC4A-TP38SB-AWT3AM-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

## EMENDA PRESENTADA POLO POLO VOCEIRO DO GRUPO MUNICIPAL MIXTO

En data 11/11/2022, o Sr. Concelleiro, D. Rubén Pérez Correa, voceiro do Grupo Municipal Mixto, presentou emenda á totalidade.

### *Sobre a tipificación das emendas*

O Regulamento Orgánico do Pleno, aprobado o 30 de maio de 2016, publicado no BOP nº 114 do día 15/06/2016, no seu artigo 83.1, regulamenta as emendas a totalidade, nas que previo debate, e neste caso fundamentalmente, suporía se fosen aceptadas a devolución do expediente que se tramita (76/142), Proxecto de Orzamento do ano 2023, á Xunta de Goberno Local.

### *Sobre as emendas presentadas*

Primeiro. Debe sinalarse que as emendas presentadas, á totalidade ou parciais, tres teñen un mesmo obxectivo, o rexeitamento da proposta do Goberno aprobada pola Xunta de Goberno Local en sesión do 3 de novembro e supoñen un posicionamento alternativo sobre o uso dos recursos. Debe recordarse, porén, aos concelleiros emendantes que a competencia para a formación do Orzamento Municipal está residencia da Alcaldía-Presidente da Corporación, que actúa de acordo coas fundamentacións legais, políticas, técnicas e de oportunidade que considere máis axeitadas aos intereses públicos en xeral e de xeito concreto, aos da cidade e cidadás.

Segundo. O informe técnico ás emendas, pon de manifesto que non se pode formar unha posición técnica sobre as mesmas por representar unha opción política de aplicación alternativa dos recursos públicos a outros empregos distintos dos propostos polo Goberno e aprobados pola Xunta de Goberno Local na sesión extraordinaria do 3 de novembro de 2022, facendo constar que o contido inequivocamente político, non pode quedar suxeito a un estudo-avaliación e consideración dun informe técnico, xa que as emendas non poñen en cuestión o incumprimento do bloque normativo que lle é de aplicación a este tipo de expedientes, senón unha aplicación dos recursos a empregos distintos, é polo tanto, unha emenda fundamentada en razóns de oportunidade política, non coincidente coa proposta do Goberno e aprobada pola Xunta de Goberno Local.

Terceiro. As emendas que propoñen axudas directas ao comercio, autónomos e a hostalería, non están nas competencias propias nin delegadas, aínda que as mesmas non están cuantificadas, os Srs. Concelleiros emendantes están a propor asumir competencias impropias sen a cobertura xurídica precisa e, polo tanto, poñendo en risco a efectividade da medida que, como se sinala, non é posible dende que, no ano 2013, se aprobou a citada Lei estatal (lei 27/2013) e a Lei Galega ( 5/2014) .

Cuarto.- A emenda presentada polo Voceiro do Grupo Municipal Socialista, segundo o informe, da cumprimento a todos os requirimentos legais e os previstos no informe. O contida da mesma prevé unha diminución na aplicación 3340.22609.05, Eventos Culturais Relevantes, dotada con 509.000 euros en 138.200 euros, e incrementar as seguintes aplicacións:

1.- A aplicación 3340.4800010, Convenio Federación de Bandas de Música de Vigo, incrementar en 18.200 euros, sendo o seu importe definitivo 233.200 euros.

2.- Aumentar a aplicación 3330.4890003, Fundación Marco en 50.000 euros, sendo a dotación final



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 05/12/2022 08:57	Páxina 44 de 57
76-142	CSV: A3A9BD-5852EF-2CCC4A-TP38SB-AWT3AM-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

de 725.000 euros. A fundamentación é o maior gasto en climatización de salas e o programa do 20 aniversario. O Marco, é unha Fundación do perímetro de consolidación.

3.- Crear unha nova aplicación, 3340.4800026, como subvención nominativa por unha contía de 70.000 euros, Fundación Mayeysis, CIF G36842490 Conexións-Vigo, dotándoa con 70.000 euros.

A Fundación Mayeysis sen ánimo de lucro, foi declarada de interese galego e cultural, sendo a súa razón de ser, o de acompañar ás persoas no camiño do arte en xeral e da música en particular, con conservatorios en Vigo e Pontevedra, tanto de música elemental, infantil, profesional e a Fundación, con máis de 30 anos de vida.

Quinto. A emenda parcial presentada polo Sr. Concelleiro membro non adscrito do Pleno, por unha contía de 11.842.310,60 euros, propón baixas e anulacións de dotacións que dan cobertura orzamentaria a contratos en vigor, polo que, tendo en conta o informe técnico, non serían reducibles, en consecuencia, os recursos que propón non serían suficientes para afrontar os empregos contidos na emenda.

Sexto. Os Srs. Voceiros dos Grupos Políticos Municipais do Partido Popular, do Grupo Municipal Mixto e do membro non adscrito do Pleno, fundamentan as emendas nunha aplicación ou emprego dos recursos a outras finalidades que consideran máis axeitados segundo o seu punto de vista e opción política, distinto á vontade do Goberno que xa someteu a súa proposta á Xunta de Goberno Local e formulou proposta ao Pleno. Como se sinalou, a competencia para a decisión das distintas alternativas de gasto reside no Alcalde-Presidente. A proposta de empregos que contén o proxecto de orzamentos e que aprobou a Xunta de Goberno e se somete ao Pleno, ten como obxectivo, dentro das competencias propias, xerar emprego a través de distintas obras de relevancia para a cidade e con elo actuar de incentivo e fomento da economía posto que o emprego, ademais de xerar dignidade para as persoas, xeran recursos para o consumo e a inversión privada, de xeito que as externalidades positivas da inversión pública non só melloran a cidade, e as condicións de vida dos seus habitantes, senón tamén a economía privada e a dinamización da economía en xeral.

En todo caso, tal e como queda acreditado, o Concello de Vigo, minorou a súa presión fiscal, xa que nos dous últimos anos, non actualizou as súas Ordenanzas Fiscais (10,8% de inflación entre abril do ano 2020 e abril do ano 2022), que xuntamente coa reforma da Lei do Imposto sobre Incremento de Valor dos Terreos de Natureza Urbana (34% á baixa), está a supoñer unha menor liquidación cuantificada en 18,2 millóns de euros que conforman rendas dispoñibles para os cidadás. Isto é un feito real, o Concello está na realidade social, por unha banda aumenta as achegas aos colectivos necesitados, aumenta as prestacións no SAF, en Escolas infantís, que no ano 2023 van a gozar de gratuidade, aumenta os recursos para os servizos sociais, culturais, deportivos e os educativos, tal e como queda reflectido na comparación entre as políticas de gasto, e por outro, diminúe a presión fiscal nun 12,41%.

Para o goberno, os eixes básicos destes Orzamentos, son:

- i) Garantir unha prestación de servizos de calidade aos que teñen dereito os cidadás,
- ii) Garantir un sistema de axudas as clases sociais máis necesitadas neste contexto de crise económica e social,
- iii) Garantir o financiamento dos compromisos de investimentos en relación cos convenios vixentes con outras administracións en cos Fondos do MRR.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 05/12/2022 08:57	Páxina 45 de 57
76-142	CSV: A3A9BD-5852EF-2CCC4A-TP38SB-AWT3AM-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

- iv) Dinamizar a economía como motor de xeración de riqueza que mellora a vida dos cidadás.
- v) Diminución da presión fiscal para que os cidadás dispoñan de mais recursos para afrontar a situación.

Avaliada as emendas, faise a seguinte proposta,

#### PROPOSTA DE ACEPTACIÓN OU REXEITAMENTO DAS EMENDAS

**PRIMEIRO.-** Aceptar a emenda presentada polo voceiro do Grupo Municipal Socialista, na que solicita:

- 1.- Na aplicación 3340.4800010, Convenio Federación de Bandas de Música de Vigo, programa un Mar de Bandas, incrementar en 18.200 euros, sendo o seu importe definitivo 233.200 euros.
- 2.- Crear unha nova aplicación, 3340.4800026, como subvención nominativa por unha contía de 70.000 euros, Fundación Mayeysis, CIF G36842490 Conexións-Vigo, dotándoa con 70.000 euros.
- 3.- Aumentar a aplicación 3330.4890003, Fundación Marco en 50.000 euros, sendo a dotación final de 725.000 euros. A fundamentación é o maior gasto en subministro eléctrico e demais enerxías. O Marco, é unha Fundación do perímetro de consolidación.
- 4- Para o financiamento destes incrementos, diminuír a aplicación 3340.22609.05, Eventos Culturais Relevantes en 138.200 euros, dotada inicialmente con 509.000 euros, quedando a contía definitiva en 370.800 euros.

**SEGUNDO.-** Rexeitar a emenda a totalidade, presentada polo Sr. Concelleiro, D. José Alfonso Marnotes González, voceiro do Grupo Municipal do Partido Popular, sen proxecto alternativo de orzamento, ao tratarse dun criterio político de aplicación alternativa dos recursos á proposta aprobada pola Xunta de Goberno Local en sesión do 03/11/2022.

**TERCEIRO.-** Rexeitar a emenda presentada polo Sr. Concelleiro D. Xabier Pérez Iglesias, membro non adscrito do Pleno, por insuficiencia nos recursos, ao pretender o financiamento de novos empregos coa minoración de aplicacións que non so reducibles por unha contía de 9.507.310,60 euros.

**CUARTO.-** Rexeitar a emenda presentada polo Sr. Concelleiro, Don Rubén Pérez Correa, voceiro do Grupo Municipal Mixto, por estar a mesma vinculada a outro modelo de xestión dos recursos, que non é o que demandan os cidadás e demandar un aumento do Proxecto de ingresos sen fundametación técnica nin legal.

**QUINTO.-** A proposta a Pleno da Corporación, asinada polo Sr. Concelleiro de Orzamentos e Facenda o día 23/10/2022, tendo e conta a proposta incrementará o capítulo 4 do estado de gastos en 138.200 euros e diminuír o capítulo 2 en 138.200 euros en relación co Proxecto aprobado pola Xunta de Goberno Local en sesión do 3 de novembro de 2022.

**SEXTO.-** Ao non alterar cuantitativamente os recursos nin empregos do orzamento informado polo Sr. Interventor Xeral, non require sometelo a novo informe.

**SÉTIMO.-** Os antecedentes da proposta, son os reflectidos na proposta asinada o 23 de outubro de 2022, que figura no Proxecto aprobado pola Xunta de Goberno e sometido á consideración dos Grupos Políticos Municipais para estudo e emendas, que é reproducido na súa integridade, co axuste que corresponde entre os capítulos 2 e 4 da emenda aceptada.

**OITAVO.-** Unha vez votada a proposta sobre as emendas, incorporase o texto da proposta



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 05/12/2022 08:57	Páxina 46 de 57
76-142	CSV: A3A9BD-5852EF-2CCC4A-TP38SB-AWT3AM-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

refundido.

### Antecedentes de formación

O Proxecto de Orzamentos do ano 2023, comezou o proceso de formación coa elaboración das normas e criterios que se deberían ter en conta para a súa formación. Os marcos orzamentarios remitidos ao MINHAFP para o período 2023-2025, aprobados por Resolución da Alcaldía de 10/03/2022, asinados pola Intervención en data 14/03/2022, nº rexistro REGAGE22e00006803808 dos que se deu conta ao Pleno da Corporación na sesión ordinaria de 30 de marzo de 2022, marcan o contexto xeral no que se teñen que formar os estados orzamentarios para o ano 2023.

O segundo paso que fundamenta a formación do orzamento, é o cumprimento, aprobación e remisión das liñas fundamentais do Orzamento para o ano 2023, que foron aprobadas por Resolución da Alcaldía Presidencia de 05/09/2022, asinadas e enviadas ao Ministerio de Hacienda e Función Pública o 07/09/2022, nº de Rexistro REGAGE22e00038628045, das que se deu conta ao Pleno da Corporación na sesión ordinaria do 28 de setembro.

Resolución de inicio de formación do Proxecto de Orzamento, asinada pola Alcaldía Presidencia o 15/06/2022.

Directrices de formación do Proxecto Orzamentario, asinadas polo Concelleiro Delegado de Orzamentos e Facenda o 17/06/2022.

Polo tanto, o criterio xeral de formación está delimitado polo marco orzamentario e as liñas fundamentais do orzamento, ambos documentos remitidos ao Ministerio de Facenda e Función Pública, a Autoridade Fiscal Independente, así como o contido do previsto no artigo 168 do TRLRFL, aprobado polo RDL 2/2004.

Os criterios que se estableceron nos documentos precitados, foron aplicados ao Proxecto do Orzamento, coa variación en relación co capítulo de investimentos, que a teor da normativa vixente en cada momento, fóronse axustando segundo se fai constar no informe económico de gastos e na memoria orzamentaria, basicamente, as diferencias teñen causa en: Convenios aprobados coa Excm. Deputación de Pontevedra. Así mesmo, a incorporación da Solicitud 2 do Ministerio de Transportes e Mobilidade e Axenda Urbana en relación co MRR.

Por último, a variación do capítulo 1 do estado de gastos, cunha a actualización retributiva prevista no Proxecto de Lei dos Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2023 do 2,5%. Ademais, esta subida poderase incrementar até nun punto adicional en función de variables vinculadas ao IPC e ao PIB nominal. En concreto, se a suma do IPC Harmonizado de 2022 e do IPC Harmonizado adiantado de setembro de 2023 supera o 6%, os salarios públicos subirán un 0,5% de maneira adicional. A segunda variable, contempla unha subida de 0,5 puntos adicionais se o PIB nominal iguala ou supera o estimado no cadro macroeconómico que acompaña aos Orzamentos Xerais do Estado.

#### *Obxectivos previstos para o ano 2023.*

A suspensión das regras fiscais non implica que se abandone o compromiso coa consolidación fiscal, Mantense o compromiso coa estabilidade orzamentaria.

Os obxectivos de déficit, están delimitados nunhas taxas de referencia orientativas establecidas polo Executivo para o período 2021-2024 que debuxan unha marcada tendencia descendente.

As taxas de referencia, que substitúen aos obxectivos de estabilidade, contemplan co déficit reducirase máis dun 60% dende o inicio da pandemia e situarse no 3,9% en 2023, coa seguinte



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 05/12/2022 08:57	Páxina 47 de 57
76-142	CSV: A3A9BD-5852EF-2CCC4A-TP38SB-AWT3AM-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

distribución por subsectores da administración en termos porcentuais en relación co PIB:

Administración Central: -3,2%.

Administracións autonómicas: -0,3%.

Seguridade Social: -0,5%

Entidades Locais: 0,1%.

### *Suspensión das regras fiscais para o ano 2023*

O 20 de outubro de 2020, o Pleno do Congreso dos Deputados aprobou por maioría absoluta o acordo do Consello de Ministros de 6 de outubro de 2020 polo que se solicita ao mesmo a apreciación de que España está a sufrir unha pandemia, o que supón unha situación de emerxencia extraordinaria, co fin de aplicar a previsión constitucional que permite nestes casos superar límites de déficit estrutural e de volume de débeda pública.

Posteriormente, o Pleno do Congreso dos Deputados determinou, o 13 de setembro de 2021, que persisten as condicións de excepcionalidade que xustifican manter suspendidas as regras fiscais para o ano 2022.

Finalmente, dita decisión foi ratificada polo Congreso dos Deputados o 22 de setembro de 2022, considerando que en España se manteñen as condicións de excepcionalidade que xustifican manter suspendidas as regras fiscais en 2023.

Coa apreciación adoptada pola maioría absoluta do Congreso, mantéñense suspendidos durante o exercicio 2023, os obxectivos de estabilidade e débeda, así como a regra de gasto.

En consecuencia, para os anos 2020, 2021, 2022 e 2023, as Entidades Locais non teñen obriga de cumprir cos obxectivos de estabilidade, de débeda pública nin a regra do gasto, aínda que está fixada unha senda, que é orientativa aos efectos de capacidade/necesidade de financiamento en relación a un porcentaxe do PIB.

En relación coa suspensión dos obxectivo de estabilidade financeira, as EE.LL tiñan que limitar o endebedamento ao 3% do PIB no ano 2020, pecharon ao ano 2021 cun endebedamento do 1,8% do PIB. En particular, o Concello de Vigo non ten endebedamento financeiro, polo que este obxectivo non é avaliábel dende o ano 2016.

### *Proxecto orzamentario que se presenta*

O Proxecto de Orzamento que se presenta está a encadrarse no Marco Orzamentario de medio prazo e nas liñas fundamentais remitidas ao Ministerio de Facenda e Función Pública en cumprimento do previsto no artigo 6 e 15 da Orde HAP/2105/2012, de 1 de outubro, pola que se desenvolven as obrigas de subministro de información previstas na Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sostibilidade Financeira.

Coa desagregación que figura na Memoria e no informe económico do estado de gastos e ingresos, as políticas de prestación de servizos básicos, as de promoción social, as de emprego, educativas, culturais e deportivas, tiveron crecementos importantes.

### *En relación ao estado de ingresos*

O Proxecto está artellado nun contexto económico de escasa variación nos recursos propios, que non foron actualizados, sendo a súa evolución de carácter tendencial.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 05/12/2022 08:57	Páxina 48 de 57
76-142	CSV: A3A9BD-5852EF-2CCC4A-TP38SB-AWT3AM-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		



En relación coa cesión de ingresos polos impostos de IRPF, IVE, II.EE e FCF, segundo a notificación realizada polo Ministerio de Facenda e Función Pública, a evolución é a seguinte:

A cesión por IRPF, supón unha variación á alza do 9,2% en relación coas entregas a conta do ano 2022.

Na cesión do IVE, a variación é negativa nun (1,11%), en relación coas entregas a conta.

A contía que figura de incremento no Fondo Complementario de Financiamento é dun 2,07% en relación coas entregas a conta do ano 2022.

Os II.EE, teñen un axuste á baixa do (4,23%) en relación coas entregas a conta do ano 2022.

En canto ao Fondo de Cooperación Local, mantense a contía do ano anterior.

#### *Achegas non condicionadas da Administración Central e Autonómica*

Concepto		Admt. CENTRAL	XUNTA
10000	Cesión IRPF	7.991.330,00	
21000	Cesión IVE	6.132.570,00	
220	Cesión II.EE	1.732.300,00	
42000	F.C.Financiamento	82.168.850,00	
42011	Liqu. Definitiva 2021	2.736.659,61	
42090	Subvención ao TUC	1.713.334,09	
42091	30% bono TUC	577.400,00	
45000	F.Coop. Local		6.479.801,46
45030	Subv. Escolas infantís		383.785,00
Total		103.052.443,70	6.863.586,46

E termos consolidados, se se ten en conta a totalidade dos recursos correntes non financeiros, a variación entre o ano 2022 e o previsto para o ano 2023, é do 4,56%, xustificado nos informes técnicos que se incorporan ao expediente.

A transferencia da Administración Central ao Transporte Publico colectivo urbano está a reflectir o ingreso do ano 2021 cunha variación do 2%, a do ano 2022, aínda non foi ingresada.

Na análise das variacións que se reflicten, están referenciadas aos estados consolidados.

As achegas da Lei de dependencia e drogodependencia, son axudas que son consideradas finalistas.

#### *Achegas condicionadas que financian gasto corrente.*

Aplicación	Proxecto	Emprego	FEDER	XUNTA	DEPUTACIÓN
2310.2270611	21231011	DUSI. Obxectivo OT9. LA19. 20% formación	112.000.00		
1539.2260200	18153900	DUSI. comunicación. todos os obxectivos e liñas	85.528.00		
1532.2100004	22153204	Plan de mellora de firmes cofinanciado			2.150.000.00
2310.2279901		Lei dependencia. Plan concertado. X. Galicia		7.226.500.0	
3112.22799		CEDRO. Xunta de Galicia		541.039.00	
1510.2270602		Redacción do Plan Xeral		452.540.00	
1510.2279907		Oficina de rehabilitación. XMUJ		189.400.00	
Total			197.528.00	8.409.479.0	2.150.000.00

#### *Achegas finalistas que financian o plan de investimentos*



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 05/12/2022 08:57	Páxina 49 de 57
76-142	CSV: A3A9BD-5852EF-2CCC4A-TP38SB-AWT3AM-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

Aplicación	Proxecto	Emprego	FEDER	DEPUTACIÓN
1320.6090000	23132006	Zona de Baixas Emisións. MRR	4.055.281.05	
1510.6220000	23151001	Investimento edificio Praza da Iarexa. MRR	715.462.58	
1532.6190000	22153200	Humanización Rotonda Barco e Darío Durán		600.000.00
1532.6190008	22153208	Humanización S. Roaue. Gre-Espino-Ruiseñor		1.000.000.00
1539.6190011	21153911	Víao Vertical. 2ª actuación T. de Víao Araoaón. MRR	654.086.05	600.000.00
1539.6190012	21153912	Víao Vertical J.R.Jimenez-J.Benavente-Torreced		800.000.00
1539.6190013	21153913	Víao Vertical. J.R.Jimenez Av Camelias- Hispan.		943.697.48
1539.6090062	20153962	Víao Vertical. Acceso C. Saude TEIS. MRR	972.971.67	
1539.6090064	20153964	Víao Vertical. .Viao entre o 160-209. MRR	536.422.08	
1539.6090066	22153966	Víao Vertical. R.Nieto-Fonte Oscura. MRR	1.349.638.24	
1539.6090067	22153967	Víao Vertical. C.Losada-R. Nieto: MRR	1.647.458.28	
1650.6190010	22165010	Mellora eficiencia enerxética edificios M.FRTR	945.527.87	
1721.6090010	22172100	Recup dunar Samil. fase 1. P.Punta-Camaleón		3.130.000.00
9330.6320010	14933010	Investimento mellora E. F. Balaídos		289.764.95
			10.876.847.82	7.363.462.43

A variación no capítulo 1 do estado de ingresos consolidados é do (0,84%), asociada as entregas a conta do IRPF, os impostos: IBI, IBICES, IVTM e IAE, non hai aumentos, son axustes tendenciais e legais, que ten o seu fundamento no Real Decreto Lei 26/2021, de modificación da liquidación do IIVTNU.

As variación que se produce no capítulo 2 é do 2,44%, ten causa nunha maior Liquidación do ICIO aínda que este capítulo ten un impacto baixo en relación co Orzamento total.

O Capítulo III, ten unha variación do 2,18% nos estados consolidados, sendo a base de cálculo a información sobre la Liquidación do ano 2021 e as previsións de liquidación do ano 2022, información que tamén foi remitida ao MINHAFP e que ten a súa xustificación no informe económico de ingresos.

En canto a participación nos ingresos da Comunidade Autónoma, estase a prever as contías das entregas a conta do ano 2022 como a de anos anteriores. Os ingresos a conta rexistrados máis a achega de novembro e decembro e a liquidación, xustifica a previsión estimada para o ano 2023.

As axudas a Drogodependencia faise a mesma previsión co ingresado no ano 2022.

O Servizo de Axuda no Fogar ten unha previsión axustada ás horas de prestación, 611.000 horas concertadas máis as de libre concorrencia, cun cofinanciamento de 11,5 euros/hora, sendo o custe 16,69 euros horas, tendo a súa contrapartida no incremento na dotación orzamentaria da aplicación 2310.2279901.

No capítulo 4 do estado de ingresos, as previsións de ingresos que proveñen da Administración Xeral do Estado que figuran no orzamento para o ano 2023, teñen a súa base na comunicación feita polo MINHAFP. O FCF comunicado, é por unha contía de 82.168.870 euros.

Tamén se reflicte neste capítulo a liquidación positiva do ano 2021, que será ingresada no último trimestre do ano 2023.

A subvención ao transporte público colectivo, reflicte a contía do ano 2021 cunha actualización do 2%.

A participación nos Ingresos da Comunidade Autónoma faise a previsión de acordo as entregas feitas mais a liquidación. Os ingresos que se van a rexistrar no ano 2023 son por unha contía de 6.479.801,46 euros.

En relación coa subvención para o Servizo de Axuda no Fogar, a previsión que se reflicte está



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 05/12/2022 08:57	Páxina 50 de 57
76-142	CSV: A3A9BD-5852EF-2CCC4A-TP38SB-AWT3AM-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

relacionada coas horas de prestación concedidas pola Xunta de Galicia, 611.000 horas, cun financiamento autonómico de 11,5 euros/hora máis as de libre concorrència. A contía reflectida é por 7.226.500,00 .

Neste capítulo tamén se está a reflectir o convenio asinados coa Excm. Deputación de Pontevedra en relación coa mellora de firmes, así como as achegas para empregos finalistas.

Na cuantificación das previsións contidas no capítulo 7 do estado de Ingresos, -Subvencións de Capital-, a súa orixe é o cofinanciamento do FEDER, FRTR con cargo ao mecanismo de Recuperación e Resiliencia (MRR) e a DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA, cuxa desagregación por contías e empregos, relacionase no informe económico de gastos e no informe de financiamento afectado.

En canto aos pasivos financeiros, este é o noveno ano que o proxecto de Orzamento que se somete a aprobación, non ten previsto o financiamento con apelación ao mercado de capitais, estando financiado tanto os empregos correntes non financeiros como os de capital non financeiro, con recursos propios e convenios con outras administracións ou axudas de convocatorias públicas doutros axentes públicos.

#### *En relación ao estado de gastos*

O Orzamento previsto para o capítulo 1 no orzamento do ano 2023, experimenta unha variación respecto da do ano 2022, cunha variación do 2,66% en termos consolidados, sendo a causa, a actualización retributiva prevista no Proxecto de Lei dos Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2023, que fixa a actualización do 2,5%. Ademais, esta subida poderase incrementar até nun punto adicional en función de variables vinculadas ao IPC e ao PIB nominal, quedando reflectida no proxecto.

Incorpóranse a este capítulo, os acordos adoptados no transcurso do ano 2022, así como os adoptados na Mesa de negociación e as resolucións xudiciais que afectan a este capítulo.

No capítulo 2, a variación é do 10,78%, reflectindo a emenda, a variación está xustificada no informe económico de gastos, as variacións máis importantes son:

Contrato de Servizo de Axuda no Fogar, que pasa a ser de 10.574.116,40 euros fronte aos 7.729.830,99 euros previsto para ano 2022, (incremento de 2.844.285,41 euros). A prestación elévase a 611.000 horas máis as de libre concorrència.

A variación de prezos da enerxía, supuxo un incremento de 4.928.071 euros.

A previsión do novo contrato de limpeza de colexios, incrementa cunha dotación superior a 400.000 euros.

O contrato de limpeza das instalacións deportivas, incrementa en 238.000 euros.

O plan anual de renovación de firmes cofinanciado pola Deputación de Pontevedra nun 75%, aumenta no gasto deste capítulo, 1.350.000 euros.

Mantemento de xardíns, parques infantís e biosaudables, por modificado do contrato, aumenta en 757.000 euros.

Contrato de apertura e peche de instalacións deportivas, por modificado do contrato, aumenta en 251.000 euros.

Novo contrato de prestación de servizos nas piscinas municipais, cun incremento de 572.000 euros.

Sinalización horizontal do viario, cun incremento de 150.000 euros.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 05/12/2022 08:57	Páxina 51 de 57
76-142	CSV: A3A9BD-5852EF-2CCC4A-TP38SB-AWT3AM-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

Contrato de semaforización, por modificados, incremento de 200.000 euros.

Tratamento integral de residuos, cun incremento, segundo o contrato, de 722.000 euros.

Centro de Servizos Sociais, novo contrato, cun incremento de 243.000 euros.

Seguros, póliza de Responsabilidade Civil, cun incremento de 200.000 euros.

Todos os novos contratos teñen un incremento superior ao 10%, xustificado pola variación dos custes de enerxía, carburantes, inflación, salarios.

Coa excepción do incremento no custe do subministro eléctrico e carburantes, os demais incrementos consolidanse, polo que, van a manter esa tendencia en futuros orzamentos.

En resumo, o detalle das variacións teñen explicación no informe económico financeiro.

Artellado o expediente que conforma o Proxecto de Orzamento Xeral para o ano 2023, que está integrado polo da propia Entidade, o Organismo Autónomo Administrativo XMU e como anexo os das Fundacións que forman parte do perímetro de consolidación, MARCO e C. Bureau, visto que o expediente está completo, axustándose a súa formación ao regulamentado nos artigos 165 a 167 do texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, comprobado que a súa elaboración axustouse ás directrices dadas, verificado que as dotacións que nel figuran cobren todos os contratos e prestacións necesarias para o bo funcionamento dos servizos e quedando reflectidos a totalidade dos compromisos, en uso das competencias que me foron delegadas pola Resolución da Alcaldía de 18 e 26/06/2019, propónse ao Pleno da Corporación, previo acordo da Xunta de Goberno Local e Ditame da Comisión Informativa de Orzamentos e Facenda, a adopción do seguinte ACORDO:

Deseguido o funcionario informante emite a proposta que se contén na parte dispositiva deste acordo.

DITAME. A Comisión Informativa de Orzamentos e Facenda, na súa sesión extraordinaria e urxente do 15 de novembro de 2021, ditaminou a resolución das emendas presentadas e ditamina favorablemente a proposta formulada.

DELIBERACIÓNS. Consta no arquivo audiovisual incorporado á Acta.

ACORDOS.

VOTACIÓN DO VOTO PARTICULAR DO MEMBRO NON ADSCRITO: Con un voto a favor do membro non adscrito, Sr. Pérez Igrexas, seis abstencións dos membros do grupo municipal do Partido Popular señores e señoras, señores e señoras Egerique Mosquera, Gonzalez Castillo, López Roman e Marnotes González, máis dos membros do grupo municipal Mixto, Sra. Méndez Fuentes e Sr. Pérez Correa, e vinte votos en contra dos membros do grupo municipal Socialista, señores e señoras, Aguiar Castro, Aneiros Pereira, Blanco Iglesias, Caride Estévez, Espinosa Mangana, Estévez Rodríguez, Fernández Pérez, Gomez Díaz, Iglesias González, Lago Barreiro, López Font, Losada Alvarez, Mejías Sacaluga, Pardo Espiñeira, Rivas González, Rodríguez Calviño, Rodríguez Díaz, Rodríguez Rodríguez, Silva Rego e a Presidencia, quedan rexeitadas as emendas.

VOTACIÓN DAS EMENDAS DO GRUPO MIXTO: Con dous votos a favor do grupo municipal Mixto, Sra. Méndez Fuentes e Sr. Pérez Correa, cinco abstencións dos



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 05/12/2022 08:57	Páxina 52 de 57
76-142	CSV: A3A9BD-5852EF-2CCC4A-TP38SB-AWT3AM-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

membros do grupo municipal do Partido Popular señores e señoras, señores e señoras Egerique Mosquera, Gonzalez Castillo, López Roman e Marnotes González, mais do membro non adscrito, Sr. Pérez Igrexas, e vinte votos en contra dos membros do grupo municipal Socialista, señores e señoras, Aguiar Castro, Aneiros Pereira, Blanco Iglesias, Caride Estévez, Espinosa Mangana, Estévez Rodríguez, Fernández Pérez, Gomez Díaz, Iglesias González, Lago Barreiro, López Font, Losada Alvarez, Mejías Sacaluga, Pardo Espiñeira, Rivas González, Rodríguez Calviño, Rodríguez Díaz, Rodríguez Rodríguez, Silva Rego e a Presidencia, quedan rexeitadas as emendas.

**VOTACIÓN DA EMENDA DO PARTIDO POPULAR:** Con catro votos a favor dos membros do grupo municipal do Partido Popular señores e señoras, señores e señoras Egerique Mosquera, Gonzalez Castillo, López Roman e Marnotes González, dúas abstencións do grupo municipal Mixto, Sra. Méndez Fuentes e Sr. Pérez Correa, e vinteun votos en contra dos membros do grupo municipal Socialista, señores e señoras, Aguiar Castro, Aneiros Pereira, Blanco Iglesias, Caride Estévez, Espinosa Mangana, Estévez Rodríguez, Fernández Pérez, Gomez Díaz, Iglesias González, Lago Barreiro, López Font, Losada Alvarez, Mejías Sacaluga, Pardo Espiñeira, Rivas González, Rodríguez Calviño, Rodríguez Díaz, Rodríguez Rodríguez, Silva Rego e a Presidencia, mais do membro non adscrito, Sr. Pérez Igrexas, quedas rexeitadas as emendas.

**VOTACIÓN DA PROPOSTA (ATÓPASE INCORPORADA A EMENDA DO GRUPO SOCIALISTA):** Con vinte votos a favor dos membros do grupo municipal Socialista, señores e señoras Aguiar Castro, Aneiros Pereira, Blanco Iglesias, Caride Estévez, Espinosa Mangana, Estévez Rodríguez, Fernández Pérez, Gomez Díaz, Iglesias González, Lago Barreiro, López Font, Losada Alvarez, Mejías Sacaluga, Pardo Espiñeira, Rivas González, Rodríguez Calviño, Rodríguez Díaz, Rodríguez Rodríguez, Silva Rego e a Presidencia, e sete votos en contra dos membros do grupo municipal do Partido Popular señores e señoras Egerique Mosquera, Gonzalez Castillo, López Roman e Marnotes González, mais dos membros do grupo municipal Mixto, Sra. Méndez Fuentes e Sr. Pérez Correa e mais do membro non adscrito, Sr. Pérez Igrexas, adóptase o seguinte,

**ACORDO:**

**PRIMEIRO.-** Aprobar inicialmente o Orzamento Xeral do Concello de Vigo para o ano 2023, integrado por:

- Orzamento da Entidade Local.
- Orzamento do Organismo Autónomo Administrativo Xerencia Municipal de Urbanismo.
- Anexo dos Orzamentos das Fundacións: MARCO e CONVENTION BUREAU.

A clasificación e ordenación dos recursos e empregos e a seguinte:

Resume por capítulos de gastos e ingresos.

Clasificación por Áreas de Gastos.

Clasificación por Áreas de Gastos e Capítulos.

Clasificación por programas de gastos con resume por capítulos.

Comparativo por políticas de gasto.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 05/12/2022 08:57	Páxina 53 de 57
76-142	CSV: A3A9BD-5852EF-2CCC4A-TP38SB-AWT3AM-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

Comparativo por áreas e capítulos.

Comparativo por áreas.

Clasificación económica de ingresos.

Comparativo de gastos e ingresos por capítulos.

Todos os estados orzamentarios están referidos á Entidade e aos estados consolidados.

Achégase a información completa referida igualmente ao Organismo Autónomo Administrativo Xerencia Municipal de Urbanismo.

#### CLASIFICACIÓN ECONÓMICA DE GASTOS E INGRESOS 2023 E COMPARATIVA CO ANO 2022, ENTIDADE

Contén a modificación da emenda.

CAPÍTULO	Gastos Entidade			Ingresos Entidade		
	Importe 2022	Importe 2023	Variación %	Importe 2022	Importe 2023	Variación %
1	72.418.066,89	74.325.614,94	2,63%	113.120.306,00	112.173.330,00	-0,84%
2	135.607.453,43	150.356.305,42	10,88%	10.362.766,18	10.615.870,00	2,44%
3	30.530,00	55.530,00	81,89%	39.928.577,00	40.833.990,47	2,27%
4	33.120.378,69	34.636.318,09	4,58%	93.297.348,57	104.360.232,81	11,86%
5	600.000,00	600.000,00	0,00%	2.784.059,76	2.935.252,62	5,43%
Operc. Corr.N.F	241.776.429,01	259.973.768,45	7,53%	259.493.057,51	270.918.675,90	4,40%
6	39.743.352,32	27.860.839,12	-29,90%	,00	,00	0,00%
7	771.444,00	669.444,00	-13,22%	22.798.167,82	17.585.375,67	-22,86%
Operacións N.F	282.291.225,33	288.504.051,57	2,20%	282.291.225,33	288.504.051,57	2,20%
8	500.000,00	500.000,00	0,00%	500.000,00	500.000,00	0,00%
9	,00	,00	0,00%	,00	,00	0,00%
Total	282.791.225,33	289.004.051,57	2,20%	282.791.225,33	289.004.051,57	2,20%

#### CLASIFICACIÓN FUNCIONAL DE GASTOS E COMPARATIVA 2022-2023, RESUME POR ÁREAS DE GASTO

Área	Descripción	Entidade		% var.	Consolidado		% var.
		2022	2023		2022	2023	
0	Débeda Pública	5.000,00	5.000,00	0,00%	5.000,00	5.000,00	0,00%
1	Servizos Públicos básicos	149.786.072,33	151.987.373,86	1,47%	152.497.103,18	155.043.157,29	1,67%
2	Actuación de protección e promoción social	25.135.746,97	28.891.977,37	14,94%	25.135.746,97	28.891.977,37	14,94%
3	Producción B. públicos carácter preferente	45.409.143,20	49.589.568,42	9,21%	45.409.143,20	49.589.568,42	9,21%
4	Actuacións de carácter económico	19.613.378,62	19.142.636,80	-2,40%	19.613.378,62	19.142.636,80	-2,40%
9	Actuacións de carácter Xeral	42.841.884,21	39.387.495,12	-8,06%	42.841.884,21	39.387.495,12	-8,06%
Total		282.791.225,33	289.004.051,57	2,20%	285.502.256,18	292.059.835,00	2,30%

#### CLASIFICACIÓN ECONÓMICA GASTOS-INGRESOS, ESTADOS CONSOLIDADOS, COMPARATIVO 2022-2023

Contén a modificación da emenda.



CAPÍTULO	Gastos dos estados consolidados			Ingresos dos estados consolidados		
	Importe 2022	Importe 2023	Variación %	Importe 2022	Importe 2023	Variación %
1	78.109.584,92	80.189.866,30	2,66%	113.120.306,00	112.173.330,00	-0,48%
2	137.356.931,25	152.159.339,91	10,78%	10.362.766,18	10.615.870,00	2,44%
3	30.530,00	55.530,00	81,89%	41.593.957,85	42.499.371,32	2,18%
4	27.290.413,69	28.806.353,09	5,56%	93.459.998,57	105.002.172,81	12,35%
5	600.000,00	600.000,00	0,00%	2.785.059,76	2.936.252,62	5,43%
Operac. Corr.N.F	243.387.459,86	261.811.089,30	7,57%	261.322.088,36	273.226.996,75	4,56%
6	40.741.352,32	28.977.301,70	-28,47%	,00	,00	0,00%
7	841.444,00	739.444,00	-12,12%	23.648.167,82	18.300.838,25	-22,61%
Operacións. N.F	284.970.256,18	291.527.835,00	2,30%	284.970.256,18	291.527.835,00	2,30%
8	532.000,00	532.000,00	0,00%	532.000,00	532.000,00	0,00%
9	,00	,00	0,00%	,00	,00	0,00%
Total	285.502.256,18	292.059.835,00	2,30%	285.502.256,18	292.059.835,00	2,30%

### RESUMO DO ORZAMENTO DE GASTOS E INGRESOS DA XMU E COMPARATIVO 2022- 2023

CAPÍTULO	Estado de Gastos			Estado de Ingresos		
	Importe 2022	Importe 2023	Variación %	Importe 2022	Importe 2023	Variación %
1	5.691.518,03	5.864.251,36	3,04%			
2	1.749.477,82	1.803.034,49	3,06%			
3				1.665.380,85	1.665.380,85	0,00%
4	,00	,00	0,00%	5.992.615,00	6.471.905,00	8,00%
5				1.000,00	1.000,00	0,00%
<b>Op. Corr. NF</b>	<b>7.440.995,85</b>	<b>7.667.285,85</b>	<b>3,04%</b>	<b>7.658.995,85</b>	<b>8.138.285,85</b>	<b>6,26%</b>
6	998.000,00	1.116.462,58	11,87%	,00	,00	0,00%
7	70.000,00	70.000,00	0,00%	850.000,00	715.462,58	-15,83%
Op. Cap. NF	1.068.000,00	1.186.462,58	11,09%	850.000,00	715.462,58	-15,83%
<b>T. Op. N.F</b>	<b>8.508.995,85</b>	<b>8.853.748,43</b>	<b>12,49%</b>	<b>8.508.995,85</b>	<b>8.853.748,43</b>	<b>4,04%</b>
8	32.000,00	32.000,00	0,00%	32.000,00	32.000,00	0,00%
<b>Total</b>	<b>8.540.995,85</b>	<b>8.885.748,43</b>	<b>4,04%</b>	<b>8.540.995,85</b>	<b>8.885.748,43</b>	<b>4,04%</b>

### FUNDACIÓNS QUE FORMAN PARTE DO PERÍMETRO DE CONSOLIDACIÓN

#### MUSEO DE ARTE CONTEMPORÁNEO (MARCO)

CONCEPTOS	Empregos				Recursos		
	Importe 2022	Importe 2021	Variación		Importe 2022	Importe 2021	Variación
G. Persoal	298.993,00	296.326,00	0,90%	Ingresos actividade	11.000,00	40.640,00	-37,92%
Cons. eléctrico	100.000,00	100.000,00	0,00%	Subv. doazóns	810.000,00	835.000,00	0,00%
Exposicións	110.007,00	133.412,00	-17,54%	Achegas usuarios	10.500,00	10.450,00	-33,33%



Outros g. Activ.	296.000,00	337.379,00	-12,17%	Patrocinio La Caixa	10.000,00	10.000,00	0,00%
G.Financeiros	1.500,00	1.500,00	0,00%				0,00%
Amortiza. Inmv.	35.000,00	27.473,00	-29,63%				
	841.500,00	896.090,00			841.500,00	896.090,00	

#### CONVENTION BUREAU (CB)

CONCEPTOS	Empregos			Recursos			Variación
	Importe 2022	Importe 2021	Variación		Importe 2022	Importe 2021	
G. Persoal	181.383,13	181.383,13	0,00%				
Cons. e gast. xestión	25.401,87	38.101,87	-33,33%	Subv. doazóns	218.000,00	218.000,00	0,00%
Publ.mat. Promoc.	9.800,00	3.000,00	226,67%	Achegas socios	22.000,00	9.000,00	144,44%
Acc. promoción	269.900,00	264.000,00	2,23%	Out. ingresos	250.000,00	263.000,00	-4,94%
P. outros entes	3.515,00	3.515,00	0,00%				
Operac. N.F	490.000,00	490.000,00	0,00%	0	490.000,00	490.000,00	0,00%

SEGUNDO.- Aprobar as Bases de Execución que serán de aplicación á Entidade Local e Xerencia Municipal de Urbanismo, coa excepción da regulación propia que se aprobe para o Organismo Autónomo.

TERCEIRO.- Aprobar as Bases de Execución específicas da Xerencia Municipal de Urbanismo.

CUARTO.- Aprobar o cadro de persoal e plantilla da Entidade Local e da Xerencia Municipal de Urbanismo.

QUINTO.- Aprobar o Plan de Investimento-Financiamento 2023-2026, que quedará sometido aos axustes que cada ano se estableza, producíndose a revisión do mesmo en cada ano.

SEXTO.- Someter o expediente aos requisitos de publicidade e exposición pública que regula o artigo 169 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo.

SÉTIMO.- O expediente considerárase definitivamente aprobado se durante o citado prazo non se presentan reclamacións; o acordo de aprobación inicial elevarase a definitivo, entrando en vigor unha vez publicado na forma prevista no parágrafo 3 do artigo 169 do TRLRFL. En caso contrario, o Pleno disporá do prazo dun mes para resolvelas, contado a partir do día seguinte á finalización do de exposición ao público, e as reclamacións consideraranse rexeitadas en calquera caso se non se resoven no acordo de aprobación definitiva (artigo 20 do RP).

En cumprimento do previsto no apartado seis do artigo 21 do RD 500/90, o Orzamento definitivo que se aprobe para o ano 2023, terá os seus efectos dende o un de xaneiro e os créditos nel incluídos terán a consideración de créditos iniciais.

Se o dereito positivo de aplicación é alterado por modificación das normas citadas, ou por desenvolvemento da normativa legal ou regulamentaria, polo Pleno da Corporación acordaranse os axustes orzamentarios ou de liquidación e contables que procedan mediante o axuste das magnitudes, créditos e conceptos que corresponda conforme ás normas de aplicación ou ao interese xeral.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 05/12/2022 08:57	Páxina 56 de 57
76-142	CSV: A3A9BD-5852EF-2CCC4A-TP38SB-AWT3AM-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		



O Pleno da Corporación pronunciárase, previo acordo da Xunta de Goberno Local e ditame da Comisión Informativa, sobre proposta da Concellería Delegada de Orzamentos e Facenda.”

E para que así conste expido esta certificación de orde e co visto e praxe do Excmo. Sr. Alcalde, coa salvidade do artigo 206 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, en Vigo á data da sinatura dixital.  
am

Vº e Pr.  
O ALCALDE,



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 05/12/2022 08:57	Páxina 57 de 57
76-142	CSV: A3A9BD-5852EF-2CCC4A-TP38SB-AWT3AM-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		